

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE ABRIL DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, este Pleno realízase por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e nove de abril do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr.

Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señora/es concelleiros, iniciamos Pleno extraordinario en substitución do pleno ordinario que tocaría realizar no día de hoxe, extraordinario polo formato singular do Pleno e antes de iniciar coa orde do día, propono que gardemos tres minutos de silencio en memoria das vítimas do coronavirus na cidade, en Galicia e en España.

Moitas grazas señoras/es concelleiros, saudar ás persoas, concelleiros/as, membros deste Pleno que están a seguir a sesión por vía telemática e dende a distancia física pero dende a proximidade política e anímica, iniciamos o Pleno coa ratificación da urxencia da convocatoria que meramente é formal porque era para cambiar a forma de propoñer a orde do día.

1(42).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e sete membros (nove presenciais e dezaseis por control remoto) da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2(43).- COMUNICACIÓN DE DECISIONS ADOPTADAS NO MARCO DO "COMITÉ DE SEGUIMIENTO DA EVOLUCIÓN DO COVID- 19" E RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA. EXPTE. 18017/101 (REXISTRO PLENO 2406/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.04.20, que di o que segue,

“Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia. Por Resolución desta Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implantación das medidas que se estimen necesarias para o funcionamento dos servizos municipais e a preservación dos dereitos pola cidadanía.

Por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado por Acordo dos Congresos dos Deputados de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, prorrogado polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, e polo Real Decreto 492/2020, do 24 de abril. Durante dito período o Concello de Vigo foi adoptando de continuo medidas para paliar a situación xerada polo COVID, tanto no ámbito social, como económico, tributario e prestacional, mantendo, así mesmo, a súa actividade ordinaria para garantir o funcionamento dos servizos municipais básicos.

Ante a evolución da crise sanitaria e o anuncio, por parte das autoridades competentes, do próximo inicio dunha nova fase de desescalada, o papel do Concello, como a administración máis próxima á cidadanía, ante a que acude a primeira instancia para achegar as súas demandas, resulta fundamental para a configuración da era posterior ao COVID-19, mediante a asunción do liderado que

de continuidade ás liñas xa abertas durante este período de colaboración cos actores sociais e económicos da cidade.

Nesta liña o G-20, acordou un Plan de Acción para coordinar as políticas e medidas económicas dos seus membros, sinalando a necesidade de utilizar todos os instrumentos existentes de política económica para apoiar a economía, manter a confianza e a estabilidade financeira, evitando, na medida do posible, efectos negativos profundos nas economías.

A tal fin, esta Alcaldía pretende ofrecer, por unha banda, unha rede de seguridade ao conxunto da cidadanía, en especial aos colectivos máis vulnerables, e por outra, o apoio municipal ao tecido produtivo, contribuíndo de un modo activo ao mantemento da actividade económica e do emprego favorecendo o reinicio da súa actividade e a reactivación do consumo responsable.

Polo exposto, en exercicio das competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, sinaladamente no artigo 124.4 b), de dirixir a política, o goberno e a administración municipal:

RESOLVO

Primeiro.- Dar continuidade as liñas de apoio social e atención destinadas aos colectivos desfavorecidos, e persoas en situación de vulnerabilidade social da cidade, en particular, como consecuencia da situación xerada polo COVID-19, a nivel de máximos orzamentarios.

Segundo.- Garantir á cidadanía os seus dereitos básicos no estado de benestar proporcionando as condicións de seguridade e salubridade que permitan a reactivación da vida en condicións de normalidade e acorde coas recomendacións das autoridades sanitarias.

Terceiro.- Contribuír, dun modo activo, ao fomento do emprego, a través das liñas municipais dos plans de emprego e da colaboración co sector empresarial.

Cuarto.- Favorecer o estímulo e fomento da actividade económica dun modo activo tanto con medidas dirixidas a favorecer o seu mantemento, o seu reinicio e a reactivación da demanda.

Nesta liña dar apoio aos sectores de economía da cidade: naval, automación, construción, pesca, comercio, hostalería, cultura, deportes, entidades sociais e veciñais, ONGs, colexios profesionais.

Quinto.- Utilizar a contratación pública cunha visión estratéxica, como panca de activación da economía e dinamización do mercado, fomentando a participación das pequenas e medianas empresas

Sexto.- Asumir, dende o Concello o liderado no proceso de reconstrución social e económica, dende o consenso e traballando da man cos axentes económicos e

sociais da cidade. A estes efectos, operará en colaboración coa Deputación de Pontevedra, Zona Franca de Vigo, Universidade de Vigo e sindicatos.

Sétimo.- Dar publicidade á presente resolución, mediante a súa publicación na páxina web municipal e proceder á súa comunicación ás institucións públicas con presenza na cidade de Vigo, e actores sociais e económicos.

Oitavo.- Dar conta ao Pleno da Corporación Municipal para o seu coñecemento e demais efectos.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Eu a intervención que pretendo que non sexa alongada, de proposta diante do Pleno das medidas que dende o Concello, dende a Comisión de Seguimento fomos adoptando nos diferentes momentos. Ignoro porque non funcionan os marcadores de tempo pero farei eu a conta dos tempos dende o cronometro do meu móbil.

En primeiro lugar seguimos adiante no Concello un seguimento permanente da situación de mantemento do confinamento e de ir adoptando decisións que tiveran que ver co acompañamento da situacións que van xurdindo, en primeiro lugar, dende a constatación dun moi satisfactorio comportamento da cidade en todo este tempo, acción da Policía Local, da Policía Nacional, aos efectos de vir aconsellando, manter o confinamento, as distancias, e non utilizar, e non vulnerar o decreto de alarma e cunha media de proposta e sancións certamente reducida, entre 3 e 50 propostas por parte da Policía Local que nunha cidade deste tamaño é unha cifra significativamente reducida, polo tanto, a constatación de que tódalas normas do Estado de Emerxencia vanse seguindo na cidade de Vigo de forma satisfactoria, a constatación do bo comportamento da cidade nas saídas e nas distancias nos diferentes ámbitos de acudir a supermercados, lugares de alimentación, panaderías, froiterías, e centros e lugares sanitarios e no día de inicio da saída de máis cativos na cidade, as circunstancias foron boas e nos mesmos aquí observamos esta plaza nese día no momento que tiñamos a reunión de comité de seguimento e víamos aos pais/nais con as pequenas/os gardando distancias e poñendo todo para que iso sucedera, xa adianto que a partir de hoxe nestes seguintes días imos a seguir abrindo paulatinamente lugares da cidade parque de Castrelos, praia de Samil porque non queríamos que se producira un efecto

chamada se efectivamente se abriaran de golpe coa sensación de que xa non había respecto ao coronavirus. Nos funcionamos dende un principio fundamental e é que a pandemia está aquí, o coronavirus está aquí e polo tanto, o que temos é que seguir extremando tódalas precaucións e lanzando mensaxes contundentes e claros sobre o feito de que aínda seguimos en estado de alarma, aínda segue habendo un nivel significativo porque que haxa un caso xa é significativo de incidencia da pandemia, do coronavirus e polo tanto, eu solicitaba o apoio dos medios de comunicación, solicitar a atención permanente de tódolos cidadáns, cautelas, atención, precaución porque a primeira fase desta batalla foi de forma, segundo o esperado polas autoridades sanitarias, pero con moito dor e con moita incidencia e polo tanto, manter toda a garda subida na cidade de Vigo para seguir a manter as distancias sociais, as precaucións e todo aquilo que contribúa a facerlle fronte a pandemia.

En segundo lugar, intensificamos de forma moi significativa os niveis de desinfección na cidade, e imos seguir a facelo, xa neste momento cos medios que temos xa somos capaces practicamente de desinfectar a cidade cada dous días, a partir de mañá e pasado mañá xa seremos capaces de facelo practicamente cada día porque imos incorporar novos elementos de desinfección, e falo de que aquilo que parecía un feito extraordinario ao principio desta pandemia que era a desinfección nalgúns lugares en Vigo non se fai só nalgúns lugares, que tamén, significativos, preto hospitais, centros de saúde, centro de lugares onde hai unha maior aglomeración de cidadáns, senón que en Vigo xa se fai de forma continuada e practicamente en toda a cidade con medios propios do Concello.

Prestamos atención especial ás distancias en medios de transporte público seguimos dicindo que se teñen que manter e despois fixemos un seguimento permanente dos sectores máis vulnerables da cidade. Neste tempo déronse 4.877 axudas de emerxencia por máis de medio millón de euros, o que significa multiplicar por 3,2 o que habitualmente outorgaríamos nun período de tempo similar. As necesidades na cidade máis que se triplicaron, e imos a seguir atendendo toda aquela demanda social sen limitación orzamentaria, non queremos que nesta crise os sectores máis vulnerables queden danados sen capacidade de reacción, de modo significativo nos arrancábamos este período e buscando por razóns de renda aquelas familias que recibindo bolsas de comedor do Concello se

puideran atopar como consecuencia do peche dos centros educativos, sen recursos para dar alimentación aos seus cativos, arrancam os 1.000, neste momento estamos en 2.601, anticipos de recursos para que as familias se sexan capaces de mercar a comida dos seus pequenos, 2.601, vamos camiño de que tódolos nenos/as que teñen unha beca lle teñamos que adiantar os recursos líquidos para que poidan mercar a súa comida.

Isto é un síntoma moi significativo da gravidade da situación, demos a estas alturas máis de 800 tarxetas de alimentación novas, esta tarxeta da dignidade que cargamos con recursos para que poidan comprar alimentación, comidas 800 novas, 106 altas novas de axuda a domicilio e farmacias, 30 novas altas de axudas de alimentación a domicilio, 55 altas de teleasistencia, e saben vostedes que tomamos a decisión de pechar os comedores sociais para evitar aglomeracións e colas, e estamos servindo as comidas a domicilio dos usuarios dos comedores sociais, no día de onte demos 630 menús repartidos a domicilio de usuarios de comedores sociais, unha parte condimentados en dúas cociñas sociais, outra na cociña do albergue municipal e o resto en caterings adquiridos polo Concello.

Programa de acompañamento con ducias de novas altas, e en consecuencia unha situación na cidade de gran demanda de atención social que está sendo satisfeita, lles dicía na última comparecencia, reunión que tivemos aquí, Pleno, que detectamos este novo tipo de usuarios de servizos sociais que seguen detectando, fundamentalmente persoas receptoras de ERTes que carecen de liquidez, traballadores/as que están en desemprego provisional temporal, teñen que cobrar o ERTE pero non chega en tempo e polo tanto, non teñen recursos líquidos para adquirir alimentación, non son usuarios estándar tipo dos servizos sociais do Concello e acoden e llo din cando acoden, manifestan cando fan as chamadas, nos lamentamos estar aquí por esta situación e se lles atende pero o atraso dos ERTes provocou esta aparición deste novo ámbito de atención. Dicía que seguiremos atendendo pero prevemos que isto se manteña durante un tempo largo, e polo tanto, temos capacidade orzamentaria suficiente para facerlle fronte sen ningunha limitación, e ademais teño que transmitirles que moitas veces nin tan sequera entramos no proceso de comprobación das circunstancias, nos fiamos das declaracións responsables, despois xa comprobaremos se é certo ou non pero

cremos que unha situación como esta hai que atender primeiro á xente e despois comprobar, porque moitas veces a demanda son practicamente imperiosas, en consecuencia ese tipo de atención segue o traballo domiciliario e o Concello está funcionando razoablemente ben, tendo en conta que é a primeira vez que se implementa este tipo de funcionamento, e estamos sendo capaces no Concello de sacar adiante o traballo que é interesante pola propia reactivación económica e pola propia contundencia da situación económica.

Dicía que adicionalmente fomos poñendo en marcha un proceso de contacto e de relación permanente cos diferentes sectores da cidade. Agora que iniciamos dende o próximo fin de semana as mobilizacións de desescalada, xa houbo unha lixeira, cunha saída dos máis cativos o último fin de semana, pois nós estamos mantendo xa reunións telemáticas de forma practicamente continua cos sectores económicos, sindicais e sociais da cidade, mantendo en primeiro lugar unha reunión diaria do COVID-19, do sistema de seguimento do COVID-19, nos reunimos tódolos días neste lugar, seguimos tomando medidas de forma permanente pero a continuación fomos tomando decisións de reunión, en primeiro lugar, unha reunión global con tódolos ámbitos económicos da cidade, telereunións, e debo precisar con 50 persoas representando a todo o ámbito económico de Vigo, dende o director xeral de Citroën por citar á empresa de máis traballadores con preto de 7.000, ata representantes de asociacións de autónomos dun traballador, dous e pequeno e mediano comercio, hostalería e fixemos unha primeira proposta de visualización da situación económica da cidade, cunha valoración que debo sistematizar como significativa. Lles propuxen nós queríamos facer a desescalada no ámbito da relación social e a reconstrución, nun proceso acordado con tódolos axentes e tódolos ámbitos económicos, sindicais, sociais e cidadáns, en suma un gran proceso de confluencia para ir facendo unidos o desconfinamento, a saída e a reactivación económica. A primeira reunión dicía que foi con este ámbito empresarial e nese momento xa fixen público que inmediatamente e a segunda reunión sería co ámbito sindical máis representativo, UXT, Comisións Obreiras e GIG, e efectivamente esta reunión se mantivo, mantiven unha longa e frutífera reunión cos tres representantes comarcais das tres centrais sindicais e a partir de aí iniciamos un proceso de reunións nunha segunda escala de desagregación, de acercamento, iniciando en primeiro lugar co sector do comercio, 50 representantes

dos ámbitos comerciais, tódalas asociacións comerciais, tódolos mercados municipais, tódolos ámbitos de grandes superficies, toda a representación de todo o pequeno e mediano comercio e a continuación fixemos unha segunda reunión con todo o ámbito da hostalería e do turismo, foi onte, 60 persoas convocadas e nesas 60 persoas, representantes de cafeterías, restaurantes, bares, hotels, caterings, sectores de desenvolvemento do turismo, axencias de viaxes, pequenos operadores turísticos, representantes de ámbitos de mobilización turística da cidade e mantiven unha reunión co sector de edificación e construción, representando practicamente tódalas empresas incluídos os promotores, APROIM, grandes empresas, sectores de construción, e debo dicir que imos continuar cunha reunión xa programada do ámbito global da cultura de Vigo, que sempre citamos entre os sectores máis significativos na concorrencia e na presenza e a continuación iremos facendo, que xa están programados, o resto dos sectores económicos da cidade, pero tamén de sectores sociais, asociacións veciñais, movementos culturais, e en consecuencia temos xa un calendario establecido de reunións con tódolos sectores significativos da cidade. A partir de aí unha terceira etapa na que xa estamos e que os concelleiros de cada área xa van entrar no contacto directo para os subsectores, esta é unha proposta que fixemos directamente nos pero que tamén nola demandaban, non é o mesmo unha cafetería pequena que un gran hotel, non é o mesmo un gran operador turístico que un sector turístico como é o turístico náutico de barcos que fan pequenas rutas e polo tanto, imos entrar en contacto con todos estes sectores para facer un proceso de desescalada e de reconstrución acordado, e debo dicir que estamos a ter un importante nivel de coincidencia nas propostas, practicamente realizados, en algo que sintetizaría e que seguiremos falando como primeiro o Concello ten que liberar este proceso, o goberno de Vigo ten que estar ao fronte deste proceso, segundo para facer unha concatenación e unha marcha conxunta dos catro grandes ámbitos de reconstrución, primeiro, os sectores económicos, sindicais, sociais e segundo os sectores públicos da cidade, o goberno da cidade, terceiro, o goberno autonómico, e cuarto o goberno de España, porque na proposta que estamos a facer e falo despois do que estou a propoñer como Concello, nós tamén queremos que o resto das administracións cooperen, queremos unha cooperación

pactada e acordada con tódolos axentes, os directamente implicados no ámbito económico e social, dende a cidade, o propio goberno de Vigo pero tamén a Xunta de Galicia e o goberno de España, porque aquí vai a ver un cruce de competencias e de desexos e obrigas, e cando digo isto permitirme que aclare que o fago coa man tendida e o facemos e así o propoñien os sectores, coa man tendida a tódolos ámbitos administrativos e de coincidencia porque seguramente temos que cooperar no proceso de reconstrución socioeconómica de Vigo.

Propostas xerais, esta visión global das catro patas camiñando conxunta e ben aceptado e estamos de acordo no que imos vendo, con levalo adiante, nos dende o ámbito do concello estamos propoñendo etapas diferentes. Unha primeira, que o coñecemento do ámbito imos a chamarlle tecnico-sanitario e de desescalada de cada sector, en suma, como imos a producir a desescalada, co obxectivo central dunha palabra que creo que é fundamental nesta cidade, Vigo ten que seguir sendo unha cidade segura, internamente para nós e externamente para o resto de España, segura no ámbito de seguridade cidadá pero segura no ámbito do coronavirus, para nós mesmos cando un local se abra ten que haber un elemento central cando alguén acudamos a ese local, calquera que sexa, que é a seguridade, que é a garantía da seguridade máxima na loita contra a pandemia e este ten que ser un factor fundamental e unha gran colaboración entre o público privado, cando o comercio, unha cafetería abra temos que ter os protocolos montados de máxima seguridade, primeiro, como é natural para a mesmas persoa/as que están nese sitio, nese comercio, nesa cafetería, nese local, e segundo, para os clientes que acudimos e este é un proceso de primeiro, intercambio de información, segundo, de investigación de como temos que facer e terceiro posta en practica, e nesa posta en práctica o Concello estará ao carón das actividades privadas e sociais. A estes efectos eu vou reunir hoxe as catro da tarde un comité, un consello técnico de apoio á Alcaldía para a desescalada, na que haberá médicos representativos de diferentes sectores, na que haberá persoal sanitario representativo, na que haberá investigadores de diferentes ámbitos da cidade e persoas especializadas no ámbito do contaxio das pandemias, na que haberá técnicos deste Concello e polo tanto, que nos comecen a dar información porque o mundo está volcado nisto e está no mundo, sobre os métodos e formas de ir maximizando ese principio de seguridade na desescalada e polo tanto,

cooperar co sector privado que moitas veces estamos comprobando que non teñen información suficiente e nós temos que facer de transmisores de información, nisto queremos involucrar ás autoridades autonómicas de forma moi importante porque os que teñen que cooperar nisto son as autoridades autonómicas e o goberno de España e polo tanto, queremos involucrar ao resto das administracións para saber que medios, que forma e de que maneira se ten que producir este avance de formas inmediata nestes próximos días.

Dicía que nesa liña porque neste proceso nós temos que lanzar algunhas mensaxes que estou lanzando nestas reunións, o primeiro é o da seguridade, o segundo é ser moi realistas, nós comezamos a saber, aínda onte como é natural porque hai un nivel de incerteza, comezamos a saber aínda onte cal vai a ser o ritmo de desescalada, polo tanto, non anticipemos negatividade, moita cautela pero imos a esperar a ver como se presenta, poño por caso o seguinte verán, como se presenta o mes de xullo, sabemos que a desescalada vai ter lugar en maio e xuño, pois esperemos un pouco máis para saber como aparece o mes de xullo e con que realidade nos imos a atopar, non comezar a desbotar as posibilidades reais de reencontro cidadán con tódalas cautelas, precaucións porque este é o obxectivo central, a seguridade, pero vamos a comezar a visualizar posibles cuestións alternativas, Sting cancelou o seu concerto en Vigo, ía ser un concerto masivo, é obvio que non se pode facer, é unha obviedade pero nós estamos a barallar posibles desenvolvementos culturais festivos que poida dar ocupación ao sector cultural desta cidade e que pode ser acorde co funcionamento da cidade e cunha dinamización social e económica da cidade e adicar parte dos recursos do concerto de Sting á mobilización de contexturas sociais-festivas e económicas e culturais da cidade para desenvolvementos distintos, estamos a traballar nesa dirección e queremos traballar cos diferentes sectores culturais da cidade nesa nova realidade, nesa nova cotidianidade, non vai haber de 100.000 persoas en Castrelos, porque non o pode haber, pero si pode haber outro tipo de accións de acordo co que naquel momento vexamos que vai a suceder e que o Concello vai a mobilizar e polo tanto, imos a ser mobilizadores culturais, grandes mobilizadores culturais na cidade, en tódolos ámbitos e ao mellor descubrimos formas distintas de facer opcións en torno á literatura, en torno a outros tipos de

música que non eran tan cotiáns na presenza da cidade porque isto debe ser unha mobilización cidadá pero debe ser tamén unha mobilización cultural, económica e polo tanto, ir a buscar respostas a todas estas cuestións.

Nesta liña seguimos avanzando eu lle propoño a este Pleno primeiro, unha resolución pero sobre todo que tan pronto rematemos esta primeira ronda de contactos cos ámbitos sociais e económicos que eu calculo que requirirá uns dez días volver a realizar un Pleno destas circunstancias para volver a informar e polo tanto, manter unha información permanente a este Pleno do que vai acontecendo na cidade e escoitando. Nós recibimos as propostas que tantos cidadás e como é natural e de forma máis pomenorizada e cunha representatividade política propoñen tódolos grupos políticos, as agradecemos, porque canto máis ideas teñamos enriba mesa mellor será para toda a cidade, pero tan pronto acabemos esta primeira quenda de contacto e con esta primeira ola de acordos, algúns dos cales iremos singularizando, aparezan e facer ese Pleno. Decía que temos unha primeira andanada que dentro do Concello nós temos que estudar que apoios podemos dar no ámbito económico ademáis de no ámbito técnico e no ámbito social, no ámbito económico e como é natural temos toda a batería de accións aberta e en estudo, a batería de acción ten que ver con impostos, taxas, con apoios directos, con prezos, ten que ver todo aquilo que estea no ámbito de decisión deste concello, pero debo dicir, que todo depende en gran medida e moito dalgunhas decisións que se teñen que tomar que están fora do noso ámbito, eu estou encabezando unha demanda de que os concellos dispoñamos dos nosos superávit e dos nosos remanentes para utilizar preferentemente neste momento, na liña de reconstrución económica e polo tanto, apoiando a reconstrución económica dende o goberno de España e dende as comunidades autonómicas e dende as corporacións locais, utilizando os nosos propios orzamentos, que xa o faremos, para iso non necesitamos autorización de ninguén que non sexa este Pleno e a Xunta de goberno, pero utilizando os nosos propios mecanismos pero queremos utilizar os recursos desta cidade. Nós no ano 2019 tivemos 19 millóns de euros de superávit e os queremos utilizar na súa totalidade e queremos ser capaces de mobilizar aquela parte de remanentes que non atente contra a capacidade de mantemento do equilibrio económico deste concello, con eses recursos teríamos unha significativa capacidade de operar polo menos nesta

primeira etapa de actualización deste ano porque isto vai a durar, e polo tanto imos a ter que seguir actuando, seguramente no 2021 e imos a ter que seguir actuando en anos sucesivos, pero no ano 2020 con estes recursos seguramente teremos unha importante capacidade pero creo que o dicía aquí no Pleno anterior e o quero repetir, o presidente do goberno de España, despois falarei destas reunións porque hai unha derivada de dirixir a FEMP do concello de Vigo que quero contar, o presidente do goberno de España na primeira reunión teremos outra o seguinte luns, nos dixo especificamente e abertamente, que as comunidades autónomas nas reunións que se manteñen en nivel de presidentes autonómicos e presidente do goberno de España ou ministra de Facenda, conselleiros de Facenda sempre propoñen que queren dispoñer do superávit dos concellos inmediatamente, e quero propoñer publica e abertamente que me vou a opoñer con tódolos mecanismos ao meu alcance a que os recursos do Concello de Vigo vaian a ningunha comunidade autónoma, os recursos do Concello de Vigo se quedan en Vigo e nos somos moi solidarios e nos dicimos utilicémoslos nesa vai de recuperación da recuperación de Vigo que aforrará recursos á comunidade autónoma e ao goberno de España, se nós somos capaces de xerar actividade económica, poño por caso o pequeno e media comercio, na hostalaría, en tantos sitios, recursos aforraran en ERTes, en desemprego e en accións económicas outras administración e esa é a nosa cooperación, a nosa cooperación é tratar de minimizar o que outras administración teñen que facer, e isto me sitúa na última cuestión que lles quería transmitir, dende a FEMP e como presidente da FEMP pero tamén como Alcalde de Vigo, mantiven unha reunión co Rei de España, reunión telefónica, moi longa, máis dunha hora, o día 20 deste mes mantivemos unha reunión co presidente do Goberno, con toda a Xunta de Goberno da FEMP, este luns ou similar teremos unha segunda reunión, mantivemos unha reunión do goberno da FEMP coa ministra de Política Territorial e o secretario de estado, mantivemos unha reunión do goberno da FEMP coa Vicepresidenta cuarta de reconstrución, co ministro de Sanidade e a ministra de Política Territorial, seguiremos mantendo estas reunións de forma periódica e adicionalmente reunín a tódolos presidentes das federacións territoriais de concellos, a FEGAM por exemplo estaba presente a traveso dos seu presidente, reunín tódolos 17

presidentes para poñer en común o ámbito de desenvolvemento das comunidades autónomas e despois mantiven o consello da cidade e tódolos ámbitos da cidade, non lle narro a este Pleno as diferentes reunións telefónicas con membros do goberno de España porque seguramente vanse a máis de medio centenar e cando falo do goberno de España e falo do presidente e Vicepresidente e ministros e no ámbito do goberno, como un goberno de coalición con tódalas cores políticas da coalición de goberno de España para esta relación inmediata dos concellos de toda España e co goberno do España e temos xa previstas novas quendas de reunións para seguir levando adiante este proceso conxunto de marcha. Polo tanto, propoño esta resolución e seguir establecendo contactos a traveso do Pleno tan pronto rematemos esta primeira volta cos ámbitos sociais, económicos, culturais e cidadáns de Vigo, e a partir de aí palabras.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende Bloque Nacionalista Galego queremos principiar por recoñecer máis unha vez o enorme esforzo que está a despreparar o Concello de Vigo para enfrontarnos a crise do coronavirus, un recoñecemento que facemos singularmente aos esforzos en materia de política social e que saúdamos a vontade do goberno municipal de continuar, de manter, de alongar no tempo. Non tanto queremos volver tamén a expresar a nosa preocupación polo feito de que empresas concesionarias deste Concello, como son o caso de Vitrasa ou de SCI, de grandes concesións municipais estean a aplicar a ERTes que supoñen un duro golpe para as traballadores/as en termos de perdas de poder adquisitivo e que queremos volver a instar pois a realizar, a seguir un control tamén exhaustivo no que ten que ver coas medidas preventivas no funcionamento da tódalas empresas que dependen da contratación municipal porque sabemos, aínda nun contexto de dificultade para a adquisición de equipos, que non se están garantindo debidamente en todas elas. Mais hai unha reflexión que ao fío da intervención do Alcalde, dende o BNG queríamos repartir con este Pleno e co conxunto da cidade e é que estamos no día 45, xa pasamos 45 días de confinamento, xa pasou un número importante de semanas e entendemos que é o momento de concretar medidas para abordar as consecuencias sociais, económicas, produtivas e laborais que se van a abrir, que se están abrir xa por causa da crise sanitaria do coronavirus. O Bloque Nacionalista Galego trasladamos no último Pleno propostas

en positivo cun afán deliberadamente construtivo e de cooperar dúas grandes liñas, un plan de protección social que impidise que os custes desta crise os pagasen máis unha vez as clases populares e traballadores da cidade e tamén a necesidade de poñermos en marcha unha ambiciosa estratexia local de promoción económica e do emprego. Os datos da última enquisa de poboación activa que a penas recollen dúas semanas desta crise sanitaria son estremecedores, no último trimestre na cidade de Vigo destruíronse xa como mínimo 2.700 postos de traballo e por iso entendemos que é o momento da audacia, da determinación, da firmeza e dende logo do compromiso por despregar coa máxima capacidade de que dispón esta administración municipal, esas medidas de carácter de protección social, máis tamén de promoción económica e de emprego. É necesario comezar a darlle forma aos compromisos, ao compromiso que mesmo ven de reiterar agora o Alcalde e que dende o Bloque Nacionalista Galego compartimos plenamente de que o Concello vai facer todo, absolutamente todo o que estea na súa man para acompañar a cidade, para abrigar a cidade neste contexto e dicímolo atende á preocupación que nos trasladan e que estou certo que tamén lle trasladaron en primeira persoa ao Alcalde os diferentes axentes económicos, comercias, sindicatos, sociais, ao respecto da urxencia de ir despregando esas medidas concretas e facémolo tamén vendo o exemplo no que están a aplicar algunhas outras administracións locais como é o caso do Concello de Lugo que como saben está coogobernando polo Partido Socialista e o BNG e ven de acordar destinar xa 5 millóns de euros dos seus remanentes a un plan de rescate con medidas parellas ou semellantes as que dende o BNG estamos a trasladar para a cidade de Vigo. Non tanto recoñecendo polo tanto, ese esforzo que se está a facer co chamado a intensificalo e a concretalo nas liñas que veño de relatar, dende o BNG temos que lamentar, sen ánimo de querer polemizar con ninguén, sen ánimo de querer abrir aquí debates que nalgún momento teremos que dar, que o esforzo que está a despregar o Concello de Vigo non estea a ser compartido e acompañado por outras administracións e singularmente por parte da Xunta de Galicia, eu creo que tódalas viguesas/es entenden, comparten que a Xunta de Galicia, que a administración autonómica non pode continuar a urxente na principal cidade de Galicia nun contexto como este.

E por concluír para non alongar esta intervención quero reiterarlles a firme disposición do Bloque Nacionalista Galego a seguir a cooperar con lealdade, en todo caso demando, iso si, que a aplicación local das medidas de desescalada que haberá que poñer en marcha na cidade, para alén de contar máximo asesoramento técnico, científico para alén de contar coa participación do tecido social, contén tamén co máximo consenso político e polo tanto, teñan en conta as diferentes forzas políticas que facemos parte desta corporación municipal. Díxenllo no Pleno da semana pasada e reiterámolo hoxe, o goberno municipal pode contar co BNG, hoxe o que lle dicimos é que o fagan, que contén con nos.

SR. PÉREZ CORREA: Felicitamos que este Pleno sexa accesible, estea emitido calquera cidadá poida ser partícipe del, independentemente do formato inusual no mesmo pero creo que pode ser unha práctica habitual e que debemos exportar ao conxunto dos Plenos de aquí ao final da lexislatura. Nós neste formato tamén atípico de Pleno tiñamos moitas dúbidas e ese debate creo que se deu entre tódolos grupos municipais, de cal sería o mecanismo de vincular o debate político ás propostas que fomos trasladando nos últimos meses, polo tanto, as cuestións sobre que consideramos e que propoñemos para esta etapa que obviamente é de incertezas pero tamén unha etapa de necesidade de moitos acordos, o trasladamos no formato de moción que discutiremos despois e o que si queríamos ceñirnos nesta intervención que vai ser tamén moi breve para non repetirnos precisamente nos debates sobre as tres mocións que consideramos que son moi acidas pero tamén na reflexión que fai o equipo de goberno e o Alcalde a través desta resolución e a cidadanía quere certezas e é moi difícil das certezas nesta situación e case perigoso, algunhas declaracións políticas e de determinados sectores da política deste país que se xa teñen certezas ao minuto 1 de que acontecen as cousas, incluso algúns partidos que teñen as certezas parecen ser antes de que se produzan e polo tanto, a tranquilidade que creo que a cidadanía está asumindo determinados debates políticos que son moi elaborados de como ten que ser o proceso de desescalada, como se vai a artellar o proceso de reconstrución do país, pois obviamente esa tranquilidade e moitas veces está cribada de incertezas, é imposible ter certezas a esta alturas. Nós coincidimos coa reflexión que fixo o goberno local no anterior Pleno, no 16 de abril, é imposible

saber cales van a ser as magnitudes sobre as que nos imos a mover, nos últimos días asistíamos perplexos ata 5 tipos de propostas de desescalada, eu cheguei a escoitar por concellos, por provincias, por comarcas, por áreas sanitarias e posiblemente un debate que é necesario en como se ten que afrontar o proceso de desescalada non sexa igual para o Concello de Vigo que sexa igual para o norte de Galicia ou que sexa igual para o interior, eu poño dun exemplo dun debate que creo que este Comité técnico ten que afrontar, que tampouco nos vale a provincia, que tampouco nos vale a comarca porque compartimos varias comarcas, unha área sanitaria que depende de determinadas estruturas hospitalarias e posiblemente ese debate agora hai máis mimbres para colectivamente abordalo, nunha resolución como esta na que se fala de que precisamente para abordar como se vai a dar ese proceso de desescalado os documentos son claros, non, eu creo que é un acerto do goberno dicir que as comunidades autónomas cada unha ten as súas singularidades polo tanto, ese debate vaise poder e cito literalmente “poniendo conocimiento del territorio e de sus particularidades específicas como elemento muy útil para tener en cuenta en el proceso de toma de decisión”, é dicir, creo que Vigo área metropolitana ten que ter un proceso de desescalada propio, non é unha cuestión localista porque non estou a falar de Vigo como concello municipal pero si que as características, por exemplo non tería sentido unha desescalada diferente entre Vigo e o Morrazo, cando a dependencia sanitaria do Morrazo da área sanitaria de Vigo é máis que evidente, entre outras cousas por non ter un hospital comarcal por decisións históricas que dependían da existencia do hospital como neste caso como Povisa polo tanto, ese debate creo que vai a ser o debate no que nos temos que mover e os parámetros nos que nos temos que mover nos próximos días, meses e se é certo que a partir de onte, polo menos hai un pequeno horizonte para tomar determinadas decisións, non é o mesmo non saber que vai a pasar co hostaleira, co pequeno comercio, con determinados sectores económicos que xa ter polo menos unha previsión que na fase 0 en Vigo poden abrir varios centos de negocios, que poden abrir precisamente porque traballan con citas previas ou con mecanismos de protección e estamos falando de sectores pois moi importantes da economía da cidade, polo tanto, aínda que no Pleno de 16 de abril podíamos entender que tiñamos tempo e creo que seguimos,

o Concello de Vigo segue sendo un exemplo de tomar decisións moi rápido e logo falaremos das cuestións que teñen que ver coa protección social, creo que foi dos concellos no que máis rápido se tomaron decisións deste tipo pero estamos a falar xa dun horizontes de apenas días nos que moitos negocios poidan abrir, apenas días, é dicir, non estamos a falar dun mes, estamos a falar incluso nos horizontes que se propoñen nalgúns concellos da contorna do día 11 do mes de maio, e iso eu creo que é o momento de abordar determinadas reflexións que eu creo que nós coincidimos, eu polo menos como concelleiro levo moitos anos dicindo que a autonomía municipal e as transferencias aos concellos é a gran eiva democrática que ten este país e agora se demostra, se non existira o concello de Vigo como mecanismo artellado de servizos sociais, agora mesmo teríamos un problema serio para que moitas familias puideran estar pagando cousas tan básicas como a comida porque si que os servizos sociais vehiculizados a través dos concellos funcionaron de maneira efectiva, digo non tanto os da administración autonómica, onde moitos e pode ser unha cuestión dunha estadística persoal, pero este concelleiro recibiu chamadas de dúzias de persoas preguntando por axudas de carácter de protección da vivenda, de situacións que tiñan que ver con impago de alugueiros e os teléfonos habilitados da administración autonómica non existiron, é dicir, se non chega a existir concellos que habilitaron unha serie de axudas, non existiría agora mesmo xente podendo tranquilizar ao seu caseiro ou pagando determinados importes para satisfacer os alugueiros e iso é unha realidade porque a día de hoxe, cando queremos derivar persoas para precisamente as competencias en materia de vivenda autonómicas segue habendo un baleiro de como se vai a facer, se a través do Plan Reconduce ou a través dos planes que existían, ese un é problema que hai que solventar nesta semana xa porque entre hoxe e mañá rematamos o mes e hai que facer pagos de alugueiros nesta cidade e creo que agora mesmo está sendo un dos grandes problemas aínda que sei que dende a concellería de servizos sociais de aquí de Concello de Vigo se está incluso asumindo esas axudas dentro das posibilidades e eu felicito de que se considere o remanente de Tesourería e que se considera o superávit como un recurso municipal, como un recursos propio dos concellos e que non hai que facer unha transferencia do concello a outra administración, ao contrario, doutras administracións tería que chegar aos concellos para ter absolutamente cubertos

ese mais do 40% do gasto dun concello que é gasto impropio, gasto impropio, e é un debate que non se quixo abordar durante moitos anos e que afortunadamente vou a poñer a única cousa positiva que pode ter esta crise ademais das cuestións de concepto de solidariedade, de empatía por parte das familias e da xente, creo que hai unha cuestión positiva desta crise que é que comezamos a apreciar as administracións locais dentro da necesidade de ser o pulmón absoluto de todo o entramado das administracións públicas, como logo na nosa moción falaremos desas cuestións eu si facer algunha consideración na resolución, eu creo que hai que citar, sigo dicindo, cremos ademais e unha cuestión que compartimos non só a Marea de Vigo senón que foi trasladada por tódolos espazos nos que militamos moita xente da Marea de Vigo, no conxunto da FEMP é o momento dos concellos e é o momento ademais de propostas en positivo, pero cremos que nesta resolución, no punto 6 deberíase de citar á Xunta de Galicia, eu son consciente das críticas, son consciente dalgunhas apreciacións que podemos ter tódolos concelleiros/as sobre como ter que ser a interrelación entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, pero cando se di un proceso no que os axentes económicos e sociais da cidade a estes efectos operaron coa colaboración da Deputación, zona Franca, Universidades, sindicatos, nós estamos de acordo pero creo que é bo que a Xunta de Galicia apareza vinculada aquí porque é tamén unha parte esencial da cidade e ademais é a quen lle imos pedir responsabilidades sobre cuestións absolutamente centrais nesta crise como foi a organización do sistema de saúde pública, e polo tanto, nós pensamos que non pasa nada porque se cite nesta resolución a efectos tamén de obrigar á Xunta de Galicia a interfuncionar directamente co Concello de Vigo porque as dúas administracións van a ter que entenderse si ou si, entre outras cousas porque o goberno onte aprobou un plan de desescalada que independentemente tamén por exemplo, a efecto de mobilidade toma con referencia ás áreas periurbanas, o ámbito municipal, non vai a quedar máis remedio que o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia se organicen en canto a cuestións derivadas, pois por exemplo unha cousa tan sinxela como comercio porque as competencias son autonómicas, unha cousa tan sinxela como prevención e saúde laboral e creo que ademais cunha cousa que deberían comezar a coordinarse que ten que ver incluso co emprego público e o emprego relacionado

coas concesionarias municipais do que logo falaremos. Nós estamos de acordo en que este comité traballe e ademais creo que noutros concellos existiu este debate, que neste comité técnico de traballo estean tódolos grupos municipais pois creo que non é necesario que esteamos tódolos grupos municipais, creo que abriuse, dicímolo na moción, unha canle de colaboración que nós agradecemos que moitas das propostas, coñecemos o de derivar recursos do que estaba programado para as festas de verán a cuestións que nós propuxemos como moi necesarias como pode ser reactivar o tecido cultural do que logo se vai falar nunha moción, pero si que creo que ese comité ten que traballar e que os grupos municipais podamos aportar directamente ao Alcalde ou ao grupo de goberno, e imos a ter toda a vontade colaborativa que creo que neste momentos é o que demanda a cidadanía.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Espero que me escoiten ben sobre todo os compañeiros que asisten telematicamente á sesión, saúdos ao público que nos segue vía rede.

Nós queremos poñer hoxe en valor en primeiro lugar, se falou aquí do traballo do Concello eu quero poñer en valor o esforzo da cidadanía viguesa, do esforzo que están a facer, da súa enorme responsabilidade, da súa enorme sensatez, o seu exemplo é difícil, o outro día dicía que estábamos orgullosos de representar aos vigueses/as e é moi difícil estar á altura e quero tamén poñer en valor hoxe o traballo solidario, traballo xeneroso, entregado, de máis de 300 persoas de todo Vigo que levan confeccionando dúcias de miles de mascarás faciais para viguesas/es de todo o ámbito, dende os taxistas aos panadeiros, dende a xente do mar aos kiosqueiros, para mensaxeiros e para praceiras, para miles de nenos/as que estes días, a través das farmacias e a través das parroquias están a recibir as súas máscaras para poder saír seguros a rúa por a solidariedade de toda esta cidadanía, grazas a Marisol, a Carmen, Carmencita, a Eugenia, a Alba, a Pili, a Marta, a Ana, a Auri, a Isabel, a Celia, a Beatriz, a María, a Elena, Olga, Josefa, Merche, Maruchi, Belen, Encarna, Conchitina, María, María Adelaida, Vanesa, Rosario, Matilde, tamén a José Luís, a Dania, Albino, a Jacoba, a Pablo, a Pepe, a Suso, a tantas e tantas persoas moitas delas cun traballo realmente excepcional, a solidariedade en Vigo ten moitos nomes, toda a cidade está seguindo ese fío, nós non perderemos ese fío, aguantade, xa queda menos.

Sr. Alcalde, dicía no anterior pleno que comezamos o mes de abril con 1.618 persoas desempregadas máis, son 22.475 persoas desempregadas en Vigo a 31 de marzo, temos unha taxa de paro do 14,6%, segundo a EPA coñecida onte, 14,6%, A Coruña 10,7%, Santiago de Compostela 8,8%, é verdade vostede dicía o esforzo que se fai no ámbito social e eu repito aquí tamén a situación de vulnerabilidade que se atopa na cidade que agora aflorou co coronavirus e que xa existía, somos unha cidade efectivamente vulnerable na que hai que traballar a reo e o difícil lle dicía que se enfrontaba vostede á situación máis difícil do seu mandato, probablemente da historia recente da cidade, non é doado poñerse no seu lugar pero é que o que ven agora coa desescalada famosa vai a ser aínda máis complicado, imos a ter que esforzarnos todos/as, imos a ter que colaborar todos e aí tamén lle dicía e lle digo hoxe que non lle vai a fallar a colaboración deste grupo municipal, deste Partido Popular, agradezo efectivamente como se dirixiu ao Pleno, como nos explicou o traballo do Concello, como non se referiu á diferenza doutras grupos que eu lamento que nos teñamos que referir só á Xunta de Galicia e non falemos do goberno de España, eu non o vou a facer, o Alcalde non o fixo, eu tampouco, non teño ánimo de polemizar e non vou a facer, non é o momento, non é o momento, penso que o momento o marcou o Alcalde, marcouno no anterior Pleno e nós imos a seguir con ese talante que eu como lle dicía lle agradezo, non é o momento. É o momento efectivamente de falar de como imos a afrontar esta situación, probablemente eu si aí esperaba algunha medida máis concreta para o que ven, temos unha necesidade imperiosa que atender, temos un orzamento importante, temos un orzamento de máis de 267 millóns de euros, algo podemos facer, algunha medida concreta temos que ir avanzando á cidadanía, porque falamos moito do remanente e do superávit pero é que como dicía vostede hai que executar o orzamento, temos orzamento de abondo para afrontar esta situación antes de falar do superávit que tamén haberá que votar man del, e Sr. Alcalde eu estou de acordo en que non debe votar man ninguén dos cartos dos vigueses/as pero non só a comunidade autónoma, tamén o goberno de España e vostede sabe e eu tamén que nalgún momento a ministra de Facenda se referiu á necesidade de falar dalgunha porcentaxe dese superávit do conxunto das entidades locais do que o goberno podería facer falla, díxome vostedes publicamente aquí non era lóxico

que o fixeran as comunidades autónomas, eu entendo que goberno de España tampouco, e vostede uníuse a min, efectivamente superávit será o que teñamos que utilizar nós e o goberno deberá habilitar a utilización dese 100% do superávit. É imperioso, como digo, executar ese orzamento porque a cidadanía non nos vai a perdoar que cando rematemos o ano queden cartos sen executar e rematemos un ano máis con superávit, iso non sería admisible e para iso temos comezar a adoptar medidas concretas, vamos a ter que comezar a dicir, por exemplo, se aos comerciantes a aos hostaleiros lle imos a seguir cobrando a auga que non consumiron ou o lixo que non votaron, se lle imos a devolver os tributos que xa pagaron ou se as terrazas as van a ter que pagar ou non pagar cando so se poderán ocupar nun 30% no mellor dos casos, tamén teremos que saber, temos que dicirlles aos vigueses/as se lles imos a asesorar e apoiar economicamente na instalación das medidas de protección nos seus establecementos, eu lle oía dicir que vai esta tarde mesmo se reúne cun consello de asesores para establecer cales son esas medidas ou avanzar nesas medidas de protección, sabemos que hai un mando único e penso e llo quero transmitir que realmente esas medidas de protección seguramente as establecera o mando único ou a autoridade sanitaria a nosa labor como concello eu lle invito que faga adaptalas a cidade con axudas para iso, vai ser moi complicado que coa imposibilidade de trasladarnos de provincia, os hoteis estean abertos cun 30% só de ocupación, derivada do movemento da propia provincia, tamén haberá que pensar como imos a adaptar esta desescalada que coñecemos onte por fases e que haberá que estudar con coidado porque é bastante complexa aínda é prematuro pero haberá adaptala á realidade viguesa, haberá que facer unha desescalada viguesa con medidas concretas, como dicía con respecto aos impostos, ás axudas económicas que van a recibir ou que deberan recibir os comerciantes e os hostaleiros.

Tamén esperábase ao mellor algunha medida máis concreta con respecto e lle invito a que o faga haberá que facelo tamén, para ver agora que comecemos a poder lumbrigar que se pode saír cos nenos ou que poden saír as familias dunha maneira controlada, o importante aí e coincido con vostede, o importante é a prevención, o importante é o control do risco, non pode pasar como pasou en Alemaña por exemplo, que tiveron que dar marcha atrás, iso non o podemos permitir, non nos podemos permitir iso, pero tamén é verdade que necesitarmos

información, haberá que habilitar espazos na cidade para que a xente poida facer deporte individual ou que poida facer paseos en condicións seguras, eu lle invito tamén a que adopte algunha medida nese sentido informe con toda a prevención, non estou a falar de espazos concretos, nin de paseos concretos pero si haberá que habilitalos e nese sentido haberá que dicir como se habilitan eses espazos e con que medidas de protección, se xa poderemos ir a facer deporte ou saír nalgún deses espazos ou por exemplo volver a recoller a auga nas fontes, iso sería a nosa desescalada viguesa que nos lle pedimos, unha desescalada viguesa con medidas concretas, levamos xa mes e medio de confinamento e que quizais habería clarexar aos sectores económicos da cidade máis prexudicados que son os comerciantes e hostaleiros, logo me referirei a eles na nosa moción, que esperan algunha concreción ou algunha luz con respecto a súa situación a partires de agora. Poderemos dicirlles cando comece esa apertura comercial escalada pois ao mellor haberá que tamén facilitar que a xente volva outra vez a comprar a Vigo e para iso ao mellor teremos que adoptar medidas nos aparcamentos públicos ou na SER, facilitando ou bonificando a primeira hora ou medidas nese sentido pero medidas concretas, imos a ter que facer concreción e baixar desta xeneralidade que efectivamente non se pode facer outra cousa, me poño non seu lugar e entendo que hai que reunirse cos sectores económicos para ter unha fotografía da situación, pero vai a ter que tamén comezar digamos a facer unha aterraxe na realidade con adopción de medidas, medidas concretas que non lle reprocho que non as faga o que lle digo é que creo que debemos comezar a poñelas en marcha xa, non lle reprocho ou non é un reproche o que queremos é propoñerlle que a partires de agora o faga, non está mal que non fixera ata o de agora porque ao mellor non era o momento, onte faise público polo Consello de Ministros as medidas do desescalada e temos que comezar a baixar ao concreto, a medidas concretas que é o que pide a cidadanía.

Non creo que a posición do Concello sexa entrar nun debate sobre se a desescalada ten que ser por provincias, por áreas sanitarias, non, iso penso que é unha decisión do goberno, esa decisión está tomada e tamén lle corresponde ao mando único dicir cales son as medidas de protección con respecto á desescalada que acordou onte, non creo que debamos intervir nese debate pero si aportar

medidas concretas como digo, apoios económicos, a facer esa desescalada, esa verdadeira desescalada viguesa. É verdade que vostede ten unha posición institucional como presidente da FEMP que lle permite o contacto co goberno central e a súa situación institucional tamén entendo que de aí poderemos sacar conclusións como fai para adoptar na nosa cidade porque iso é o que os cidadáns esperan de nós, os cidadáns esperan de nós que esteamos con eles acompañandoos nesta situación incerta que comeza agora, non se trata de ser catastrofistas, hai que ser realistas, primeiro é a prevención e despois efectivamente o acompañamento á cidadanía na parte social pero tamén na parte económica, e iso é o que lle pedimos agora, unha verdadeira desescalada viguesa con medidas concretas para os cidadáns e medidas concretas para autónomos e as pequenas empresas, podemos facer como dicía, moitas cousas dende o ámbito local, dende o noso ámbito comezando por fiscal para apoiar aos comerciantes, aos hostaleiros e as persoas como xa estamos facendo, ás persoas que están en situación de exclusión social ou en risco de exclusión social co apoio que se lle está dando non só polo concello pero estamos no Pleno do Concello de Vigo singularmente, polo Concello.

PRESIDENCIA: Pido ao representante do Partido Socialista que non faga uso da palabra para que ocupar o seu sito dalgún modo.

Primeiro moitas grazas polas intervencións e polas suxestións que agradecemos e anotamos porque este é un proceso no que cantas máis ideas haxa e existan para ir adoptando decisións, maior será o campo de acción e as posibilidades.

Nos seguimos na medida do posible tódolos ERTes que teñen lugar na cidade e imos tomando as decisións na medida e na nosa propia capacidade, nos non somos substitutos de axentes privados pero si observamos e tratamos de que os ERTes non se produciron por que? Porque queríamos primeiro, ter a capacidade máxima de que os traballadores recibiran os seus salarios, pero segundo tamén evitar dende o ámbito local, creo que é unha parte da nosa función, evitar ao máximo posible que haxa ERTes, desemprego, polo tanto, tratando de no ámbito municipal garantir no máximo posible a opción de manter o emprego.

Nós estamos neste momento aínda en etapa inicial de atención ao ámbito social pero dende un principio que pretendo que sexa que vaia máis alá que unha gran

plataforma social, que é ilimitada atención e ilimitada preocupación por sectores vulnerables, pero cun dato máis porque somos catro grandes axentes, os privados, o local, o autonómico e o español, e que eu estou moi atento como poden imaxinar teño bastante coñecemento do ingreso mínimo vital en España, esta é unha parte moi importante das plataformas e das grandes accións sociais porque ese compromiso de goberno, do goberno de España, de establecer esta prestación sería unha alteración radical da forma na que entendemos neste momento a sociedade, unha alteración radical, eu escoitaba neste momento o ingreso mínimo vital que acaban de establecer conxuntamente en Estados Unidos de América, quen o ía dicir, o gran defensor do liberalismo da empresa, da autonomía e da concreción social acaba de facer unha decisión dun inmenso apoio social cunha renda mínima vital é certo que conxuntural pero excepcionalmente alta, en suma un plan keynesiano de acción e peso conxuntural, creo que nós temos que dende aquí, primeiro, garantir o apoio nesta situación tan complexa e segundo, tratar de buscar mecanismos de dereito e de dereito social no ámbito de España para tódolos cidadáns, e créanme que aí a nosa posición está sendo contundente ao respecto. No ámbito económico hai unha parte importante que estamos a desenvolver que é o intento de que a saída desta crise en tódolos ámbitos non sexa a do ano 2008, escapemos daquel inmenso error porque tanto aprendimos e se vou un pouco máis atrás pois diría que non sexa a do 2008, que non sexa o dos anos 70 coa crise do petróleo, que non sexa a tremenda dos anos 30, xa debería ter aprendido que iso só conduce a penalidades e miserias e aí a nosa acción, e pode ser contundente pero limitada, e digo nos temos que tratar de crear un contexto global de que as saídas da crise xa non poden nunca máis volver a ser como a do 2008, nunca máis, por iso en Vigo estamos levando adiante a nosa propia acción e a seguiremos levando pero dende unha reflexión conxunta, de cambiar as formas de procedemento e aí hai unha nova plataforma que se chama Unión Europea, e aí é onde temos que facer todo o impulso global que sexamos capaces para facer cambiar a forma de entender Europa e a acción económica e a social, incluso o contexto de territorio porque se Europa non entende o que está a suceder neste momento, Europa está resquebraxada, porque aquí non hai argumentos de malgastar ou bengastar, hai unha pandemia que incide de forma

diferenciada por circunstancias que aínda non coñecemos ben, que non sabemos aínda por que incide desta forma pero que tamén sabemos que os que se descoidaron en atender á pandemia con ridiculeces e con burlas agora teñen un enorme drama social nos seus países. Logo é unha visión máis que local, autonómico, que o español é unha visión global de entender o momento, pero eu dicía que nós queremos nisto ter tódalas plataformas, ter a plataforma local, privada en tódalas partes, a municipal e pública, atómica pública e estatal pública, pero si mo permiten eu quería que esta resolución que hoxe adoptemos aquí sexan no noso propio marco de competencias, xa falaremos doutras, xa falaremos doutras pero nós parecía que este era un momento de dicir dende a nosa autonomía, dende a nosa capacidade, dende a nosa visión que queremos facer, pois queremos facer un gran acordo no que ao mellor outras institucións doutros lugares, por razóns lexítimas entendibles ou ilexítimas non entendibles, queren entrar ou non queren entrar e eu non quero poñer en risco o noso propio acordo global de país Vigo, de territorio Vigo, e seguramente se houbera área metropolitana seguramente da área metropolitana como institución, involucrando demandas a outras institucións que son lexítimas e que hai que facelas e fora deste Pleno con frecuencia eu propoño determinadas demandas que creo que outras institucións deben atender.

Pero neste momento o que nós temos que centrar e levar adiante na nosa propia involucración é que facemos en Vigo cos recursos e coas capacidades económicas, sociais e políticas que temos, que somos capaces de facer? Nun certo acordos tácito e político, administrativo, social, cidadán, tácito porque os acordo expresos son difíciles, sempre hai matices, pero un acordo tácito que seguramente simboliza o Pleno anterior e este de que podemos marchar xuntos e eu non quería involucrar aí a ningunha outra institución nin en positivo nin en negativo, quería dicilo, queremos dende a nosa responsabilidade, capacidade e dende a nosa acción e operemos primeiro e como estamos a facer, con medidas concretas e absolutas, con medidas de emerxencia, con miles de euros que cada día asinamos, medidas, máis concreta que esa non hai, con nomes e apelidos, case con familias, case dicindo vostede, vostede e vostede veña aquí, por certo houbo algún caso dalgún erro administrativo que saíu en algún diario que inmediatamente cando o fomos analizar, había un erro administrativo, dunha negativa que aparecía nun xornal e

que era un si, porque na transcripción se equivocaran, ata meses niveis de concreción na nosa actuación porque estamos nese estadio, porque estamos no estadio do confinamento e aínda non saímos del e estamos no estadio de recompoñer o tecido social de Vigo, tratando de que con nomes e apelidos e máis concreto que iso é imposible, todo o mundo teña a man tendida dos seus dereitos e da solidariedade. Incido nos seus dereitos porque nos temos que facer pola vía do concreto e pola vía tácita os dereitos dos/as máis vulnerables, os dereitos sociais a ser recoñecidos por todos e de forma concreta, porque o seguinte que son as medidas concretas nalgunhas cuestións pois nós temos un enorme traballo feito, déixeme que lles diga e que lles conte unha anécdota, eu comunicaba a algún alcalde do goberno da FEMP que eu en Vigo estaba considerando a posibilidade de cuadrricular praias para controlar aforos, para dar seguridade, para control de espazos e con rutas de tránsito entre eles e llo dicía a un membro da FEMP do sur de España e uns días despois me atopaba con que un presidente dunha comunidade do sur de España usaba as miñas mesma verbas, exactamente as mesmas, por que? Pois porque todos estamos escoitando a todos, logo no concreto, primeiro lanzamos ideas despois as imos concretando porque hai moito traballo que facer, porque é boa idea ou mala idea pois non sabemos por seguir coa mesma, non sabemos aínda, eu quero que os técnicos nos vaian a dicir e sobre todo as autoridades sanitarias autonómicas e estatais nos vaian orientando porque nos non temos esa competencia, hai países e territorios onde as corporacións locais teñen competencias sanitarias, Estados Unidos de América, polo tanto, non sería de descartar que tivéramos presenza e eu vouna reclamar en grandes consello de hospitais, non competencia para falar de sanidade no sentido técnico da expresión pero si para ter coñecemento de tódolos datos, de todo o que está a suceder, de como vai a fluidez das listas de espera, é verdade, pois sería razoable que os concellos estiveramos presentes nos consellos dos hospitais en Galicia, Madrid, Andalucía, en todas as partes para ter información porque aí están sendo tratados os nosos cidadáns, por iso cando temos que concretar medidas de desescalada que permítame que o diga, son as importantes porque aquí é onde a pelexa fronte contra o coronavirus ten que ser determinante e dura, non podemos permitir que na desescalada se produza un retroceso, por iso temos que estar moi

seguros do que dicimos, por iso eu escoito algunhas opinións sobre algún temas de prevención, pois non me satisfacen, que creo que non está suficientemente demostrado que vaian a ser suficientemente eficaces e por iso ter un comité que me asesore porque non temos ese asesoramento dende outros ámbitos, eu escoitaba hoxe mesmo inquietudes dalgún sector económico porque van a ter que abrir a súa acción e queren ter seguridade no seu traballo e eu comparto isto, déixeme que lle faga un paréntese, eu lle dicía aos empresarios/as cos que estiven, singularmente aos da construción que eu lles reclamo garantía ao 100% das traballadoras/es na loita contra o coronavirus, 100%, e que nos momentos de entrada e saída do bocadillo e do traballo garantías totais de non acercamento e aí temos que seguir incidindo moito, en crear a cultura da non cercanía, da distancia social, a cultura dos métodos de prevención, unha cultura de illamento aínda no ámbito de compartir os espazos públicos.

Con respecto aos espazos públicos, máis concreción imposible, algún non o abrín para evitar efecto chamada porque me preocupaba, me preocupaba o ultimo fin de semana que houbera un efecto chamada e prefería esperar un día ou dous para ir abrir sabendo que os espazos públicos se teñen que utilizar coas distancias suficientes e non quería eu que pasara en Vigo o que pasou nalgunha outras cidades de España que non quero mencionar, non quería que pasara iso, efectivamente non pasou, non o digo por mérito da decisión, digo porque a xente en Vigo foron moi civilizados, moi cívicos e funcionou ben, pois hoxe seguiremos abrindo espazos pero xa anunciei que se este fin de semana a climatoloxía e favorable á saída vou a peonalizar unha parte enteira da cidade, xa o anunciei antes, se a climatoloxía non é a razoable pois non será preciso pero si efectivamente as previsións entre hoxe e mañá son boas o día primeiro de maio e día tres de maio imos a peonalizar zoas enteiras, xa din instrución á concelleira de seguridade preparar programa de peonalización porque queremos abrir espazos públicos para os cidadáns, polo menos nos días festivos pero non descarto abrir espazos ocupados por vehículos para cidadás de forma permanente días de semana, e estamos estudando cales e de que forma porque a ocupación social e cidadá da cidade, ten que ser importante pero claro que hai propostas concretas diante dos sectores económicos, que sucede? Sucede que eu quero acordos, non quero tomar medidas unilaterais, quero saber que as decisións que imos tomando

teñen o apoio científico pero tamén o social, eu fixen ofrecementos á sectores comerciais e sectores de hostalería de máis espazo público para a súa actividade, pois eventualmente un día pechar unha rúa e facer un día de comercio aberto, por citar un exemplo calquera, ou dar máis espazo para terrazas naquelas lugares nos que se poida dar porque e como ter que ser as terrazas van a ter un espazo limitado porque o espazo é o que hai pero vai haber unha distancia maior, pois ao mellor temos que cambiar o espazo naqueles lugares onde sexa, por certo, escoito moitas cidades citar como un gran logro de pandemia a efectos de apoio, taxa cero de terrazas, aquí levamos con taxa cero de terrazas 10 anos, e non teño ningunha intención de repoñela, porque sei da dificultade económica e nós podemos sobrevivir na cidade sen esa taxa, pois podemos, e aos feitos nos remitimos, temos unhas boas finanzas e cobramos taxa cero, por tanto eu fixen ofertas concretas xa os sectores que quero que as debatan, quero que as debatemos conxuntamente e vexamos se son adecuadas pero podemos ocupar tódalas beirarrúas con espazos comerciais durante un día ou dous e podemos ocupar unha parte da calzada cos peóns, claro que si, en lugar de ter dous carrís abertos pois temos un, e circularemos a 10 quilómetros por hora, pois si, e se pecho o tráfico durante o domingo, pois os garaxes desa zona terán que circular a 10 quilómetros, paso de peón, bueno un pouco máis, o paso correndo á presa son 7 quilómetros, cando estas na cinta e apuras moito andando son 7 quilómetros hora, eu de correr na casa sei bastante.

Pois esas son medidas pero claro que xa falamos de taxas de prezos e de impostos cos sectores, xa falei con eles que son cos que temos que falar, pero sucede que para concretar hai que saber de canto dispoñemos porque hai que ter finanzas dispoñibles para o ano 2020, para o ano 2021, 2022, 2023, 2024, 2025, 2026, para todos e polo tanto, temos que pactar canto adicamos este ano e canto adicamos outros anos, e eu quero que isto sexa un pacto, primeiro, social e despois propoñería aquí para medida de adopción conxunta, pero realidade? Pero se eu vivo na realidade, eu me estoume reunindo cada día con 50, 60 e 70 representantes de comercios, de hostalería, de construción, de empresas, con sindicatos, pero se eu me movo na realidade, se eu vivo na realidade, precisamente onde me estou desenvolvendo para tomar todas esas medidas, eu

en forma simbólica estou vivindo na rúa porque estou a falar todo o tempo coa cidade, todo o tempo, eu non tomo unha soa decisión que previamente non consulte vía telemática ou vía telefónica con tantos e tantos sectores cidadáns eu estou permanentemente na realidade, de forma virtual na rúa e iso é o goberno pero é que falamos do concreto e eu xa escoitei pois esa proposta e este que fixen aquí e o que estou a facer esta merecendo o apoio de tódolos grupos con que me reunín ata agora, incluso piden que o Alcalde participe directamente en campañas de promoción, en estadios de promoción, en anuncios de promoción, que non fago por discreción política pero que me están pedindo os sectores desta cidade? Que saia eu directamente a falar de Vigo, pois vouno facer esta tarde nunha televisión, esta noite noutra e mañá noutra, e que eu vivo na realidade falando desta cidade, e falando da realidade desta cidade porque a min me importa moito o que opinen en toda España de Vigo, porque desa opinión vai a depender unha parte do noso futuro económico tamén, por iso saio nos medios e asumo unha parte diso que chaman risco mediático, pois si, pero o vou a seguir facendo porque eu quero seguir falando disto, de Vigo e se nós falamos de Vigo e España escoita falar de Vigo, mellor nos irá, e iso é a realidade e a concreción porque con sectores concretos tanto concretamos que miren eu xa concretei cuestións dun pequeno barco de rutas turísticas en Vigo, ou mesmo de xente que reparte caterings, o mesmo de pequenos comercios que teñen sen ningún empregado, ou mesmo de grandes superficies que teñen centos de empregados/as ou mesmo dunha pequena empresa que pon andamios para facer reparacións de fachadas e que nos fala da taxa de ocupación de espazos públicos, ou mesmo dun gran construtora que di que ve este futuro con optimismo, ou mesmo de falar dun pequeno taller de reparación de automóviles, dun traballador ou mesmamente de Citroën; eu vivo na realidade e a realidade é a que nos ensina por onde temos que ir, eu lle pediría aos representantes de Marea que entendera esta filosofía, eu entendo o que propón pero que a resolución permaneza no noso propio ámbito para non involucrar a outras institucións que xa faremos de forma positiva porque eu cría que neste momento era mellor tomar estas decisións de marca e de marcar rumbos de forma xenérica, por tanto lles proponho esta resolución, agradézollo o ton das intervencións e o Pleno, agradézollo moito aos que non están no Pleno tódolos concelleiros/as, que miran aquí na pantalla de televisión que seguen atentamente

este Pleno e que debo dicir para os que poidan estar seguindo sen ver a pantalla que están dilixentemente atentos e permanecen todos na súa cuadrícula de pantalla, polo tanto, lle quero agradecer a atención e someto á consideración do Pleno esta resolución.

Temos un problema de decisión tanto nisto para a votación e despois, eu quería propoñerlle ao conxunto do Pleno, ao secretario que se visualizara como forma concreta que as votacións porque hoxe hai mocións e polo tanto, haberá votacións e ao mellor hai unanimidade ou non, se entenderan a traveso dos voceiros se lle parece aos grupos e se lle parece a tódolos que nos están a seguir en forma domiciliaria, eu delego o meu voto, non como Alcalde pero si como membro deste Pleno no meu voceiro Sr. López Font e pediría ao resto dos membros que seguen nisto a través, porque senón temos que facer voto persoal citando cada un dos 27 nomes do Pleno e iso vai a ser un tanto engorroso e polo tanto, pediría que as votacións se hai que facelas porque non haxa unanimidade, seguramente haberá ou non haberá que se fixeran a través dos voceiros. Pido asentimento a través da pantalla dos que o facedes dende fora, pido asentimento dos que estamos aquí, estou pedindo a cada un que en cada votación deleguen no seu voceiro, estamos nun estado de alarma.

SECRETARIO: O voto e persoal e non delegado.

PRESIDENCIA: Secretario, estamos nun estado de alarma e unha situación distinto e eu lle pido ao secretario que sexa realista, cada un dos membros que está aquí está a dicir que asume o voto que faga cada un dos seus representantes e o deciden expresamente porque senón este será un Pleno de non acabar nunca.

SECRETARIO: Eu visualizo na pantalla perfectamente aos membros.

PRESIDENCIA: Pero hai que chamar a cada un.

SECRETARIO: Non, poden levantar a man.

PRESIDENCIA: Non, mire aquí un está en branco outro non está en branco.

SECRETARIO: Inclusiva, imos a ver eu teño en branco a Sra. Aguiar neste momento que non estaba conectaba.

PRESIDENCIA: Coa obxección do secretario propoño que sexa cos voceiros porque senón este será un Pleno de nunca acabar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unha cuestión de orde Sr. Alcalde, no que depende do BNG entendemos que a votación tense que materializar alternando os criterios da secretaría do Pleno.

PRESIDENCIA: Si, pero non acabaremos nunca, por certo non hai un concelleiro do Bloque Nacionalista Galego senón que hai un concelleiro non adscrito e xa vota por se mesmo. Someto aos voceiros o sistema de votación porque a man alzada onde non apareza pois é complicada.

SECRETARIO: Loxicamente se non aparece loxicamente non está presente.

PRESIDENCIA: Non funciona o dispositivo secretario.

SECRETARIO: Pois polas razóns que sexan non está presente dun modo auditivo tamén se pode computar o voto.

PRESIDENCIA: Eu discrepo da opinión do secretario.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Secretario, co ánimo de chegar a unha posición na que estea preservaba a legalidade e non sexa incomodo, quizais podería ser que se alguén vota en contra se compute que o diga, abstención se hai alguén que o diga e se non hai abstención nin voto en contra o resto se entende a favor, dígoo porque é que o noso grupo vai a votar a favor da resolución da Alcaldía, se hai algún en contra que o manifeste podería ser así.

PRESIDENCIA: Si, vale calquera sistema pero eu non comparto a posición do secretario.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu lle dicía iso, que se computaran só os negativos.

PRESIDENCIA: No Parlamento votan con antelación, hai un voto presente a través de dispositivos e o resto se fai con antelación, non se lles ocorre o sistema que o secretario propón.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En calquera caso se ninguén manifesta o voto en contra e a abstención enténdese aprobado por unanimidade, non habería que computar os votos positivos, Alcalde.

PRESIDENCIA: Propoño votación á resolución.

VOTACIÓN: Unanimidade.

(Neste momento non esta presente na video conferencia a concelleira Sra. Aguiar Castro)

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS.

3(44).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SOBRE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE APOIO E IMPULSO DO TECIDO CULTURAL DE VIGO A CONSECUENCIA DO COVID-19. REXISTRO PLENO 2405/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 27 de abril de 2020, número 2405/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN SOBRE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE APOIO E IMPULSO DO TECIDO CULTURAL DE VIGO A CONSECUENCIA DA COVID-19

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No actual contexto, marcado por unha situación de emerxencia sanitaria sen precedentes por causa da pandemia da Covid-19, cómpre que todas as administracións públicas, tamén a nivel municipal, despreguen esforzos adicionais para dar resposta aos retos que abre e enfrontar as graves consecuencias que esta vai ter en termos sociais ou económicos.

Con ese afán, o Bloque Nacionalista Galego trasladamos no Pleno extraordinario celebrado o pasado 16 de abril, unha serie de propostas que se articulaban en dous grandes eixos: a necesidade dun Plan de Protección Social, que impida que os custos da crise do coronavirus sexan transferidos ás clases populares e traballadoras en forma de empobrecemento, pobreza e exclusión social; e a posta en marcha dunha Estratexia de Promoción Económica e do Emprego, que evite a desertización da nosa base produtiva, que blinde o tecido comercial local e que cree as condicións para a creación e mantemento do emprego na cidade.

No entanto, entendemos necesario que as administracións públicas, e tamén de maneira concreta o Concello de Vigo, actúen para apuntalar a actividade cultural da nosa cidade nun momento no que o seu tecido asociativo e profesional enfrontan riscos que poden ser letais. Para o asociacionismo e tamén para as estruturas profesionais da cultura galega –autómomos, microPEMEs e cooperativas

sociais na súa grande maioría- estamos diante dun contexto non de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia.

É esencial que tanto Concello de Vigo, como tamén Xunta de Galiza e Goberno español, poñan en marcha accións concretas que eviten que a situación social e económica que se abrirá após superarmos a emerxencia sanitaria se traduza na destrución dun tecido cultural que é estratéxico en chave de cidade e de País. As entidades e asociacións culturais, e tamén a industria e a creación profesional, precisan do abrigo público.

Julio Cortázar definiu cultura como “o exercicio profundo da identidade”. A cultura defínenos a nivel civilizatorio, social e individual. Sen cultura non hai cidadanía e, xa que logo, tampouco pode haber cidade. A cultura non é un elemento accesorio, trátase dun ben de primeira necesidade e un dereito social. Prescindir dela é un luxo que non nos podemos permitir.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar o Goberno municipal a poñer en marcha unha Mesa Cultural da Cidade que provisoriamente a través de medios telemáticos e en tanto non se cree un Consello Municipal de Cultura, permita habilitar un espazo de diálogo e participación dos colectivos culturais e mais a industria cultural da cidade de cara ao redeseño da política cultural do Concello.

2.- Instar o Goberno municipal a deseñar e executar un Programa Extraordinario de Apoio á Actividade Cultural, co obxecto de reducir o impacto da crise do coronavirus, considerando entre outras iniciativas as seguintes:

2.1 Optar preferentemente polo adiamento e reprogramación das actuacións e eventos culturais xa contratados polo Concello, evitando a súa cancelación.

2.2 Priorizar o tecido cultural propio da cidade e a promoción da lingua galega na contratación municipal no presente exercicio e nos vindeiros.

2.3 Habilitar plataformas dixitais que permitan albergar unha programación cultural municipal coa participación remunerada das compañías, grupos e agrupacións locais das diferentes disciplinas artísticas así como para a difusión da creación audiovisual.

2.4 Habilitar desde a Rede Museística da Cidade unha “Sala Expositiva Virtual” que impulse a participación das e dos creadores locais.

2.5 Adecuar os servizos bibliotecarios da cidade á actual situación, habilitando desde a Biblioteca Neira Vilas un servizo de empréstamo a domicilio coas suficientes garantías preventivas e optando, de maneira preferente, polas librarías da cidade como provedores de novos exemplares.

2.6 Creación dunha plataforma para a comercialización en liña de artesanía, obras de arte e libros, poñéndoa ao servizo das creadoras e creadores locais e das librarías da cidade.

2.7 Habilitar unha liña específica e extraordinaria de axudas municipais en apoio das entidades culturais e industria cultural da cidade.

3.- Instar a Xunta de Galiza a impulsar políticas específicas para a reactivación e apoio dos sectores culturais galegos, que inclúan: liñas de axudas directas e créditos; reprogramación evitando as cancelacións de contratos xa subscritos; redefinición do Xacobeo 2021; creación dun bono cultural para estimular o consumo e elaborar unha programación cultural máis ambiciosa na CRTVG.

4.- Instar o Goberno español a reducir o IVE cultural do 10 ao 4% e dos cachés do 21% ao 10%.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Sr. Alcalde eu son concelleiro do Bloque Nacionalista Galego porque fun elixido na candidatura do Bloque Nacionalista Galego, e é unha cuestión de respecto democrático, non cara min persoalmente, non cara o propio BNG senón cara 8.500 persoas que me fixeron concelleiro, da mesma maneira que vostede non ten problema en aludir ao voceiro do grupo mixto como voceiro da Marea de Vigo, non fagamos o absurdo e dende logo non fagamos o ridículo en sesión plenaria.

A moción que trae o BNG e unha proposta en positivo que complementa ás iniciativas en relación á protección social e promoción económica e do emprego que se quere centrar nun ámbito que nos parece que merece dun especial abrigo sobre unha premisa clara e é que a cultura non é algo accesorio, a cultura é unha necesidade primaria, a cultura defínenos como civilización, como sociedade e como individuos, a cultura fai cidadanía e polo tanto, sen ela non pode haber cidade, e o tecido cultural, as asociacións implicadas na promoción cultural mais tamén a industria cultural da cidade o que van é afrontar esta crise do coronavirus e o risco da súa propia subsistencia por isto esta moción do Bloque Nacionalista Galego o que pretende é reclamar cun compromiso concreto, tanto do Concello de Vigo como da Xunta de Galicia, como tamendo goberno español para abrigar dende o público este sector. Pedimos unha mesa cultural da cidade que permita unha interlocución con este sector, que se habilite un programa extraordinario de apoio á actividade cultural dende o Concello de Vigo co illamento da programación priorizando o tecido cultural propio, habilitando plataformas dixitais para unha programación estable remunerada por parte das compañías e dos grupos locais, que se habilite unha sala expositiva virtual da rede museística, que se adecúe os servizos bibliotecarios a esta nova realidade ou unha plataforma para comercialización da artesanía, de arte, de libros e unha liña extraordinaria de axudas municipais en apoio da entidades culturais e da industria e reclamamos da Xunta de Galicia políticas análogas no seu ámbito de actuación máis tamén poñendo o foco na cidade e do goberno español que atenda ao reclamo de reducir o IVE cultural do 10% ao 4% e dos cachés do 21% ao 10%, trátase polo tanto de asegurar o dereito das viguesas/es a ter cultura.

PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro non adscrito, as normativas son as que son, un respecto ao BNG con absoluta democracia e polo tanto, unha forma política que merece tódolos meus respectos como tódalas forzas políticas democráticas pero vostede optou por ser non adscrito señor concelleiro, os non adscritos non teñen grupo de referencia, nin sigla política, esa é a característica dos non adscritos, polo tanto, o Sr. Pérez Correa que forma parte do grupo Mixto, dentro do grupo Mixto si hai organizacións e grupos políticos, os non adscritos non, optou vostede non fun

eu, polo tanto, todo o respecto a súa forza política pero vostede aquí é un concelleiro non adscrito, optou vostede.

SR. PÉREZ CORREA: Eu único porque tecnicamente vaino a defender a miña compañeira a Sra. Méndez na súa quenda, eu supoño que será posible.

PRESIDENCIA: Isto é máis complicado, si adiante.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Nós imos a votar a prol desta moción do BNG quería dicir algunhas cuestións ao respecto. Segundo o Instituto Galego de Estatística en Vigo existen 190 empresas do sector cultural con distintas fórmulas legais, mais tamén existe unha cantidade dificilmente cuantificable de traballadoras precarias invisibles, incluso abocadas a desenvolver o seu traballo na economía somerxida e esta é unha realidade que hai que verbalizar porque sabemos que o feminismo que o que non se pronuncia non existe e as traballadoras culturais en precario e tantas veces sen contrato existen, e podemos dicir un segredo a voces que coñece calquera que se teña achegado ao sector cultural, un sector profundamente precarizado a tamén amplamente diverso e esta é a realidade complexa e diversa require de mirada alta, quero dicir de conciencia e de compromiso por parte das administracións públicas para dar unha resposta avanzada á altura deste inmenso risco que estamos afrontando como sociedade, unha resposta que non falla do problema da cultura senón que saiba ver neste sector unha salvación que será comunitaria de todas e para todas. Por iso, dende a Marea de Vigo xa o 4 de abril remitimos ao goberno local unha proposta de medidas para o impulso do sector cultural, medidas que loxicamente han de ser orientadas e adaptadas coa maior seriedade, ás fases da desescalada. En todo caso unha proposta para o sector cultural que contaría con catro puntos viables e que consideramos centrais. En primeiro lugar unha sección de económica directa, axudas extraordinarias para o tecido cultural profesional tamén para esas traballadoras/es invisibles aos que me referín ao comezo e tamén para o tecido cultural asociativo, refírome ás programacións culturais desenvolvidas polo movemento cultural, tendo en conta que lamentablemente non se poderá celebrar O Marisquiño, estas axudas directas poderían contar xa cun orzamento de 300.000 euros para o segundo trimestre de

2020 e en calquera caso a convocatoria debería publicarse e resolverse coa máxima urxencia pasado o Estado de Alarma para facilitar a activación inmediata dos autónomos, PEMEs, asociacións, cooperativas de Vigo.

En segundo lugar, unha programación cultural expandida e descentraliza, compre reprogramalas actividades suspensas para reubicalas, se fose posible antes de decembro do 2020, e adiantar cachés co obxectivo de aminorar os problemas de liquidez das empresas culturais, o Concello pode retribuír de maneira anticipada os cachés das producións suspensas como xa se a facer de feito noutras administracións. E repensar de xeito dialogado e participado coa comunidade artística as festas multitudinarias do verán, porque podemos estar ante a primeira oportunidade para programar de forma descentralizada multiplicando os espazos para evitar aglomeracións, con especial atencións aos barrios e ao rural e coa participación prioritaria de producións locais e galegas.

Tamén outra cuestión que cremos relevante é favorecer as inercias co tecido hostaleiro e comercial, o encontro entre os sectores hostaleiros e a programación cultural ten xa un longo alento nesta cidade, impulsanse así propostas culturais locais e o comercio de proximidade ao mesmo tempo, algún exemplos ben coñecidos con usuarios ou festivais locais, propoñemos dotar de contido económico cunha partida extraordinaria e mediante concurso público aquelas propostas que fomenten este tipo de sinerxías, este tipo de encontros e por último afondar no diálogo e aumentar o orzamento para o 2020, o diálogo co sector cultural para deseñar as estratexias e as políticas culturais é fundamental, a creación dun consello municipal de cultura participado e con debate real e unha necesidade, deste río sairemos distintas e esta non é so unha cita de Heráclito, no caso da relación da administración local co tecido cultural da cidade é unha urxencia, hai un clamor que esixe nubrar as políticas culturais do Concello e vostedes sábeno, teñen a oportunidade de facer que a iniciativa confinante que promove a gratuidade da produción cultural quede nun mal sono, eu non facer sangue dun erro, pero si fago un chamamento que insisto é un clamor dos sectores culturais, para construír unha axenda cultural directa de vangarda independente e de forte impulso creativo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Consultaba tamén eu os datos do IGE desta mañá, en Galicia viven 35.000 familias da actividade cultural, son 6.635 empresas, para que nos fagamos unha idea, da automoción viven 25.000 persoas, é verdade que se concentra a maior parte na área de Vigo e que o peso da automoción de Vigo é moito máis importante seguramente a efectos cuantitativos co cultural, pero o certo é que é o que hai, hai 35.000 familias que viven da actividade cultural e esta é a dimensión que ten a industria cultural, a industria de edición, audiovisual que neste último caso audiovisual se concentran tamén en Vigo. Non creo que sexa o momento agora de fiscalizar nin de falar sobre a política cultural do Concello que como moitas outras vai a ter que cambiar e mudar, esta é a nova normalidade da que se falou onte, pois vai a dar lugar efectivamente a unha modificación tremenda das políticas públicas e dirixidas pois a colectivos ou sectores e a política cultural seguramente vai a ser unha delas porque tamén a cultura sen público non existe e vai a ser moi difícil que o público acuda por exemplo as salas de concertos ou aos teatros nun tempo, por iso hai reflexionar porque a cultura é un valor en si mesma e unha industria, riqueza e emprego, contribúe a crear emprego tamén noutros sectores, no sector hostaleiro, no sector hoteleiro canto maior e mellor sexa a nosa oferta cultural maior e mellor será a nosa afluencia turística, pero claro como digo o sector cultural é dos que mais sometido a este cambio, a esta evolución que imos a ter que asumir, tamén é o máis vulnerable e o máis fráxil porque a diferenza da industria manufactureira se desenvolve no intanxible e non intanxible pois non se visibiliza tanto como se visibiliza como por exemplo como dicía a automoción.

Nese sentido nós imos a apoiar a moción, parécenos sen entrar en maiores consideracións que as administracións temos votar o resto, cónstame que o Consello da Xunta de Galicia de mañá adoptará medidas tamén neste sentido, estaremos atentos ao que se diga mañá e a rolda de prensa e non entendo que non imos a polemizar coa iniciativa que pois nos parece oportuna e que imos apoiar.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos nunha situación especial, se dixo por activa e por pasiva e con carácter xeral, no Pleno do pasado 16 de abril abordouse a situación xenérica na que nos atopamos e tamén nese momento se abordaron e o dicía hoxe

ao Alcalde as medidas concretas que se foron adoptando, medidas como hoxe tamén destacaba con nomes e apelidos que figura na resolución que acabamos de aprobar e que formaron parte dun conxunto de política social que a verdade é unha satisfacción ter o retorno da coincidencia de tódolos grupos neste Pleno. Neste propio Pleno realizado pois escasamente dúas semanas despois do anterior, o Alcalde fixo un amplo percorrido por todo o que se fixo pero tamén coa perspectiva da actuación que ven por diante, e foi concretando os sectores, fixo mención ás reunións que xa se celebraron e as próximas a celebrar, porque se ben é certo que aquí puideramos analizar cada un dos sectores, e evidentemente as tres mocións poñen o foco onde consideran oportuno, seguro tódolos sectores sociais, culturais e económicos teñen similitudes, isto certamente é evidente e a cultura é un deles e todo o relacionado co ámbito cultural e a súa parte económica foi unha forma de actuación e mereceu a foco deste goberno antes da situación na que estamos, polo tanto, se adoptaron neste período de confinamento unha serie de medidas que coincide algunha coa que se propón na moción e que permitiron ás viguesas/es ter acceso ao tema da cultura, o que pasa é que en relación coas mocións, co formato de Pleno que hoxe nos demos, nós respectamos moito, evidentemente as mocións inclusive cando fixemos Xunta de Voceiros isto foi obxecto de comentario pero creo que se hai algo importante a destacar en todo o que se fixo ata este momento, na mañá basicamente, por parte do Alcalde é a busca dun acordo, a busca dun consenso, liderar dende o goberno o que debe de ser a actuación tan complexa en relación con tódolos sectores e nese sentido entendo que o concelleiro non adscrito puxo o foco no que significa a cultura, nós o entendemos perfectamente como as dúas mocións restantes foron noutro sentido, pero cremos que se debe de buscar a proposta que facía o Alcalde, inclusive algún voceiro do Partido Popular o dixo, facer a fotografía de cal é a situación, inclusive o Alcalde adiantou o feito de que puidera realizar un Pleno dentro dunha serie de días cando se tivera esa foto, cando se tivera o retorno de tódolos sectores e polo tanto, nós neste sentido a nosa posición en relación con esta moción é ser dende logo receptivos co que se propuxo, recollemos absolutamente tódalas iniciativas pero me quedo cunha frase que dixo o Alcalde en relación con esta moción que é o relativo a que seremos grandes mobilizadores culturais. Nós nesta moción o grupo

Socialista vaise abster e eu quero que se entenda o noso voto, ímonos abster porque entendemos que valoramos todo o propositivo que estamos nun proceso no que se debe recoller todas aquelas achegas que se fan e tamén no sentido e ao votar abstención, significa esa cautela a unha serie de medidas que se propoñen aquí, que ao mellor cando se celebra a reunión do Alcalde co sector cultural son outras e poden ser un marco máis completo e polo tanto, queríamos non ceñirnos e queremos que se entenda por parte dos grupos o que non se trata neste debate de que estamos a favor do punto 1 e en contra do punto 3, non queremos entrar nese debate polo tanto, cantas máis ideas achegen mellor, todas aquelas serán recollidas, eu estou seguro que o que se propón nesta moción é moi posible que algúns dos axentes do sector cultural así o propoñan e o Alcalde recoñeceu, dixo que evidentemente isto o vai a recoller tódalas ideas e polo tanto, pediríamos un entendemento para este voto de abstención e unha comprensión.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Agradecer en primeiro lugar a liña de posición e de intervención dos restantes grupos, tamén a posición explicada por parte do grupo municipal Socialista, as mocións son un síntoma tamén de normalidade democrática, o Concello non se pode reducir só, e estou seguro de que todos/as o compartimos, á acción do goberno e polo tanto, este Pleno é quen representa ao conxunto da cidade e con esta moción non facemos outra cousa que trasladar as iniciativas tal e como se está a facer por parte de tódalas forzas políticas noutros ámbitos. As propostas que o BNG recollemos nesta moción non son estritamente inéditas nin orixinais senón que recollemos por parte dos diferentes axentes culturais. O certo é que a industria cultural e o tecido asociativo implicado na acción cultural da cidade vive moi ao día e polo tanto, está enfrontando o risco real da súa propia supervivencia, toda vez coas dificultades que vai ter o desenvolvemento da actividade cultural na cidade, e por iso esta moción, insistimos con carácter propositivo e en clave construtiva e positiva.

(No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 27.04.2020 (Rex. Nº 2405/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4(45).- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO, INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A APROBAR UN PROGRAMA DE RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICO SOCIAL NA CIDADE DE VIGO TRALA CRISE PROVOCADA POLO CORONAVIRUS. REXISTRO PLENO 2402/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2020, número 2402/1101, o voceiro e a concelleira do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Mendez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A APROBAR UN PROGRAMA DE RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL NA CIDADE DE VIGO TRALA CRISE PROVOCADA POLO CORONAVIRUS.

Coa poboación aínda confinada e coas diferentes administracións públicas establecendo marcos normativos e medidas excepcionais cun alcance aínda por

determinar, o certo é que a pandemia mundial provocada polo COVID-19 vai ter unhas consecuencias inéditas na economía a todas as escalas xeográficas: mundial, europea, estatal e mesmo local. Non hai precedentes na tipoloxía deste reto ao que nos enfrontamos nas crises anteriores e a fractura social (incluso nas relacións internacionais) que pode abrir pode ser tan profunda que a súa solución exténdase no tempo máis aló das consecuencias epidemiolóxicas.

Este grupo municipal foi claro na súa intervención do pasado Pleno do 16 de abril: Non é tempo de debates oportunistas, de confrontar dende a calculada visión do aproveitamento político-electoral da crise. É tempo de escoitar, propoñer e aprobar medidas e propostas que axuden a que as consecuencias desta crise non apuntalen as eivas sociais e económicas que aínda arrastrábase da crise financeira larvada dende 2008.

É o que nos corresponde a cada unha e un de nós como representantes institucionais lexítimamente electos e electas pola cidadanía. Todos os grupos aquí presentes temos grupos parlamentarios no Congreso e no Parlamento para reclamar e analizar as medidas doutras administracións, pero o que nos toca neste Pleno é analizar as medidas que tome o Concello de Vigo; felicitarnos das que consideremos acertadas e, polo menos nesta fase, plantexar as que consideramos que se poden implementar.

Non queremos, polo tanto, facer unha exposición de motivos que se interprete como un debate profundo dos culpables das múltiples situacións que hoxe vive a sociedade viguesa e o resto do mundo, servindo como argumento para non abordar medidas concretas e reais. Medidas que están a ser implementadas en múltiples concellos, moitas delas ponderadas pola Marea de Vigo para trasladalas a nosa cidade, tal e como fixemos dende o inicio da crise de xeito constante.

Por este motivo, e para que a cidadanía viguesa visualice unha leal cooperación dende a discrepancia, seguro ideolóxica e seguro fundamentada, entre os diferentes grupos que conformamos este Pleno; propoñemos un debate serio sobre as seguintes medidas que consideramos necesario implementar. Outras moitas, xa trasladadas a este Goberno, foron tidas en conta, feito que agradecemos entre outros motivos porque abre unha inusual xanela de cooperación entre oposición e Goberno que debemos coidar en futuros debates que van ser necesariamente abordados dende discrepancias colectivas.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes:

ACORDOS:

1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a aprobar un PLAN DE RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA da cidade que tome como referencia o superavit do 2019, os remanentes de tesourería e as modificacións necesarias do actual orzamento municipal. Para tales empregos terá que ser determinante a próxima modificación ou interpretación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, por desgraza aínda en vigor e, que bloqueou o gasto público desde 2012 ata 2019, restrinxindo a

capacidade de gasto das administracións públicas. Dito plan, tería que ter cando menos 20 millóns de euros repartidos nas numerosas áreas susceptibles de ter que ser reforzadas pola situación actual. A prioridade dos recursos debería ser para en primeira instancia un programa que complete ao catálogo de servizos sociais da cidade con aumentos das axudas de emerxencia (cando menos duplicar o importe actual) e políticas de vivenda en forma de parque municipal de vivenda de emerxencia.

2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a avaliar a modificación inmediata orzamentaria de 5 millóns de euros procedentes de partidas que a estas alturas enténdense como de difícil execución (parte do orzamentado nas festas de Vigo, o consignado ao contrato de promoción turística, etc..) para un programa de axudas ao sector do comercio local, hostalaría, pequenas empresas e autónomos da cidade. Programa a complementar con outros 5 millóns cando o Goberno do Estado libere, como foi anunciado recentemente, os novos usos do superávit de 2019.

3.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a implementar un programa de inxección económica directa ao tecido cultural da cidade (segundo o IGE en Vigo hai 190 empresas culturais das que 113 son persoas físicas, 46 sociedades limitadas e varias cooperativas e outras formulacións legais) que evite os erros de pretender que produzan gratuitamente durante o confinamento ou a moratoria de apertura de teatros, centros culturais, locais de música, etc... que temos visto nestes días. Dito programa contaría xa con máis de 300.000 euros do asignado orzamentariamente a O Marisquiño, parte substancial do que non poida ser executado do programa de festas de Vigo polas limitacións de aforo e as cancelacións de artistas internacionais. Un programa que coloque a cultura de Vigo como a primeira cidade cultural de Galicia e que recoñeza o carácter profesional da produción artística e cultural.

4.- O Pleno do Concello insta ao Goberno local a declarar de xeito inmediato a suspensión notificada da recadación executiva e dos servizos municipais que, con esta fórmula, eviten a xeración de ERTES nestes servizos. Do mesmo xeito iniciárase unha negociación con VITRASA para a retirada do seu en base á redución de aforos nos autobuses, aumento das limpezas diarias nos mesmos, ea concreción dos termos de “servizo público esencial” que eviten a continuación do devandito ERTE e a non adecuación dos mesmos aos artigos 22 e 23 do RDL 8/2020.

5.- O Pleno do Concello insta ao Goberno local a esixir a tódalas concesionarias municipais a garantir EPI'S e material de traballo seguro, especialmente a servizos sensibles como o de atención domiciliaria, transporte colectivo, etc... esixindo ás concesionarias que reporten fichas de seguridade e características dos elementos de protección que se están a empregar: tipoloxía de mascarillas, dos líquidos de limpeza, frecuencias, EPI'S etc... Iguamente, para a execución de servizos que impliquen acudir a domicilios, coma no caso do SAD, facilitar o estacionamento en zonas de carga e descarga para o persoal durante o tempo do servizo.

6.- O Pleno do Concello insta á Concellería de seguridade a garantir nos servizos de bombeiros e policía local mascarillas FFP2 (actualmente estas conviven nos servizos con cirúrxicas), luvas e produtos de limpeza para os vehículos que cubran todos os efectivos e servizos.

7.- O Pleno do Concello insta ao Goberno local a considerar como inicio de trámite administrativo vinculado á remisión á Xunta de Galicia do borrador e documento estratéxico do futuro PXOM de Vigo aquela data que sexa compatible coa volta á normalidade da cidadanía e que lle permita ao tecido asociativo da cidade, nomeadamente o movemento veciñal, realizar asembleas onde poidan decidir (por estatutos é así) as aportacións e suxerencias ao proceso inicial do Plan.

8.- O Pleno do concello insta ao Goberno local a suspender todas as obras públicas municipais non esenciais e non relacionadas co subministro de servizos básicos durante o período de confinamento da poboación e paralizar de xeito inmediato todas aquelas de carácter privado que emitan ruído superior a 90 decibelios.

9.- O Pleno do concello insta ao Goberno local a usar todos os recursos propios; maquinaria, condutores, etc... do parque móbil municipal antes que acudir a contratación de servizos privados que poidan ser asumidos polo persoal do parque para a desinfección da vía pública e espazos públicos.

10.- O Pleno do concello insta ao Goberno local a reorientar todo o plan de emprego do 2020 e as axudas á contratación no tecido asociativo da cidade en políticas que axuden a reconstrución social, económica e cultural da cidade. Que permitan unha inserción real do previsible aumento de desempregados e desempregadas da cidade en áreas de futuro e consolidación laboral.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Precisamente no debate na Xunta de Voceiros e un pouco o trasladaba agora o voceiro do Partido Socialista, nos tiñamos tamén dúbidas de cal tiña que ser o mecanismo para o formato de Pleno que queremos abordar e obviamente tamén para ser consecuentes co expresado no anterior Pleno do día 16 que non era un Pleno conxuntural e non era é dicir, este é o momento de buscar espazos de unidade e de consenso e logo o seguinte Pleno propoñer un escenario de confrontación política que seguramente será necesario e seguramente tódolos grupos municipais aquí teremos argumentos de sobra para interpretar cales teñen que ser as medidas para saír desta situación e as medidas que se tomaron.

E como tampouco temos moito marco porque o regulamento do Pleno e o funcionamento do Pleno é o que é, pois decidimos presentar unha moción que non deixa de ser un resumo executivo, se se quere chamar, pero un resumo de todas

aquelas cuestións que este grupo municipal ao longo dos últimos 40 e pico días, foi trasladando ao grupo de goberno e foi trasladando tamén de xeito público e fomos recollendo tamén algunhas das cuestións que nos foron trasladando moitos veciños/as que se puxeron en contacto con nós. Onte saía un anuncio por parte do presidente do Goberno que se traduciu nunha serie de documentos, o título quizais soa máis a película apocalíptica, “Plan para la transición hacia una nueva normalidad” pero é certo que o imos a unha nova normalidade con incertezas absolutas e que imos a escenarios seguramente non só nas cuestións económicas senón nas cuestións sociais e culturais deste país pois imos a vivir durante moitos anos.

E nós o que fixemos foi resumir nesa moción e llo dicimos na exposición de motivos, nin sequera estamos a buscar que sexa un voto afirmativo a esta moción porque introducimos 10 bloques de cuestións que consideramos que é simplemente verbalizar aquí no Pleno onde toca, reflexión que podemos facer e seguramente os grupos non estaremos de acordo en todas pero consideramos que neses 10 bloques están gran parte das cuestións que esta Corporación e o conxunto da cidadanía e a colaboración entre administracións imos a ter que tomar. Nese plan que anunciou onte o goberno que xa digo que nos coloca nun horizonte relativamente preto para tomar algunhas decisións, e algunhas están recollidas na nosa moción pero tamén na moción que propuxo o BNG ou na moción que propón o Partido Popular con respecto ao comercio local, esas medidas algunhas imos a ter que tomalas de xeito inmediato, o propio Plan establece un anexo que ademais recolle diferentes ámbitos de actividade que van a ter que adaptarse ás fases e curiosamente pois gran parte desas fases están recollidas na nosa moción, a parte laboral, a parte que ten que ver cos servizos sociais e coa actividade económica, a parte que ten que ver coa hostalería, o comercio minorista e as actividades de prestación de servizos, sector, falamos moito de industria pero o sector de servizos é maioritariamente o que achega o emprego a esta cidade, non a masa salarial, o PIB, que esa é a disquisición que sempre hai entre os salarios da industria e o sector servizos, actividades culturais e de ocio e obviamente o que ten que ver co emprego público e as condicións laborais deste

Concello por resumir, e dicimos que non estamos a buscar que a expresión do voto sexa a que determine o debate futuro que imos a ter sobre estas cuestións.

Nos propoñemos o Plan de reconstrución económica en base a un consenso que creo que ten este grupo municipal con todo o expresado polo Alcalde, hai que utilizar o remanente de Tesourería, e o superávit dos concellos de maneira ilimitada sempre e cando esteamos falando da estabilidade orzamentaria e de non recorrer en determinado déficit, incluso a futuro se hai concellos que se teñen que endebedar para asumir determinadas infraestruturas públicas e sociais, nós non temos ningún problema, un programa de axuda á hostalería que tome como referencia unha parte dese uso pero tamén modificacións orzamentarias que consideramos de partidas de difícil execución no 2020, e un programa de axudas á actividades cultural que acaba de expresar a nosa concelleira na súa intervención, queremos que o Concello suspenda os servizos que non están claramente suspensos por que? Porque se están a producir ERTes en cuestións que si están suspensas como poden ser a recadación executiva que si como pode ser a ORA e nos acabamos de almorzar cun ERTE dos traballadores de Dornier e almorzamos tamén esta semana cun ERTE coa recadación executiva cando son servizos que teñen que estar suspendidos e polo tanto, asumidos os salarios por parte do Concello como di o Real Decreto de marzo e cremos que só ten que verbalizarse para que as empresas concesionarias non poidan levalo adiante, tamén obviamente e sabemos que se está a facer un esforzo nos equipos de protección e na cuestión do Plan Xeral pedimos que se suspenda a tramitación durante este tempo, si que é certo que está distribuído o texto pero que o trámite administrativo non corra durante o período do confinamento pola dificultade que ten o movemento veciñal de realizar reunións presenciais que é onde se deciden gran parte das suxestións que queren propoñer e creo que do resto podo falar na seguinte intervención.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o Bloque Nacionalista Galego coincidimos en termos xeral coa moción que traslada a Marea de Vigo, e claro tamén un sentir unánime ao reclamo de que haberá que botar abaixo as leis Montoro e para iso hai unha maioría no Congreso que o permitiría se hai vontade e iniciativa política por parte das forzas que ostentan o goberno español, precisamente para permitir que as

administracións locais dispoñamos do uso dos excedentes e dos remanentes de Tesourería, si que é claro que vai a ver que acometer algunha modificación orzamentaria porque esta crise cambia o escenario completamente e en todo caso haberá que ver en que termos e de que maneira parécenos insuficiente a contía que se fai dos 300.000 euros en materia cultural, detraídos da partido de O Marisquiño, mais en todo caso vai na liña correcta e do expresado na nosa moción, e ao marxe de que haxa algúns aspectos dos que poidamos discrepar sobre a súa redacción concreta ou podamos matizar na súa redacción concreta o BNG imos a votar a favor desta moción, mais hai un aspecto que nos parece moi importante que é a cuestión dos ERTes e aí o explicaba o Alcalde noutra intervención, respecto da dificultade de intervir por parte da administración local, hai un problema de marco normativo, iso depende do goberno de España, e o decreto 8/20 do estado de Alarma permite esta situación absolutamente anómala onde as mesas empresas concesionarias poden optar polo artigo 34, para seren indemnizadas pola suspensión dos servizos e ao tempo repercutir os custes desta crise nos seus traballadores aplicando ERTes, e algo que terá que subsanarse no marco normativo e o goberno español ten a posibilidade de facelo nos vindeiros decretos do estado de Alarma, hai que restrinxir o acceso aos ERTes a aquelas empresas que van poder recibir compensacións económicas polos custes derivados desta crise, tanto de lucro cesantes como dos seus custes de funcionamento, non ten ningún sentido que unha grande concesionaria como Vitrasa poida ser indemnizada por esta administración e que ao tempo estea reducindo substancialmente o traballo dos seus traballadores pola vía do ERTE.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En primeiro lugar, non o expresei ao comezo da intervención pero creo que é oportuno dicilo agora, a realidade é que estamos ante un Pleno telemático e hai que saúdalo, porque onte comentaba con outros compañeiros de toda España nun chat de grandes cidades, isto non ocorre en tódalas grandes cidades, hai por suposto a vontade política de realizar un Pleno telemático pero tamén tense que producir a coincidencia cos técnicos municipais, cos técnicos en informática, co secretario e co interventor pero efectivamente que entendan que está garantida a presenza telemática e o sentido do voto dun xeito

pleno, eu agradezo que neste Concello ocorra pola vontade política pero tamén polo esforzos dos técnicos municipais porque quero sinalar que noutras cidades non é así precisamente ao mellor non pola vontade política, senón pola oposición ou pola imposibilidade segundo dos técnicos municipais. Dito isto, a moción é unha moción que coincidimos dende o punto de vista xeral con tódolos puntos que se traen aí, penso que hai unha coincidencia na necesidade de abordar as necesidades económicas da cidade co mesmo esforzo que se fai coas necesidades sociais e nós digo que non imos tampouco neste caso a polemizar nunha moción na que efectivamente se tocan varios paus, en onde imos dende a realidade económica xeral, á inexecución económica e os ERTEs das empresas municipais, con todo o sentido xeral da moción, nós o compartimos e imos a votar a favor.

SR. LÓPEZ FONT: Como é difícil administrar o tempo sen ver o reloxo, quedoume algunha cuestión antes por dicir, quería dicir antes con carácter xeral nesa intervención que fixemos dende o grupo Socialista que cremos na importancia da resolución que acabamos de aprobar anteriormente, todo o que se propón cultura anteriormente, sector económico, inclusive tratamento orzamentario como tamén propón o Partido Popular nesta resolución, polo tanto, cremos que aí está absolutamente todo e si é certo que o paso a continuación é esa concreción á que xa me referín anteriormente e que dende o noso grupo dende logo entendemos que é importante o que sexa produto dese consenso e sexa produto dese análise e esa visualización da que falaba anteriormente o Alcalde de tódolos sectores.

E esta moción se demostra a pluralidade das mocións presentadas, foco en cultura, máis foco en economía, máis foco en tema orzamentaria pois non deixa de ser unha parte das medidas que haxa que adoptar a partires deste momento e nós tamén neste sentido e efectivamente o Sr. Pérez Correa o dicía e coincidíanos na Xunta de Voceiros, habería que analizar dunha forma moi correcta cal vai a ser a votación neste Pleno, non entendendo o que pola nosa abstención que tamén vaino a ser nesta moción, sexa un si a un punto determinado ou un non a un punto determinado e eu agradezo esa referencia porque era verdade que así coincidiamos, entón eu non vou a entrar nos 10 puntos que se propoñen aquí, entre outras cousas porque estamos nunha situación na que tamén hai un poderoso condicionante de que imos a poder facer en tódalas intervencións nas

que se fixeron ata este momento flota o si se vai a poder utilizar ese superávit, polo tanto, chegará o momento lexítimo no que neste Pleno teñamos cada un que posicionarnos por cales son as cuestións, eu dende logo confiamos dende o noso grupo e temos toda a vocación de que nese proceso aberto polo Alcalde de once-trece reunións, non sei cantas son, en función de tódolos sectores se teña ese retorno do que se propoñen.

En conclusión cremos que dalgunha forma se mo permiten, estamos a dicir todos o mesmo, cada un a nosa maneira, cada un poñendo o énfasis e o foco nalgunhas cuestións que consideramos máis prioritarias e polo tanto cremos que será o momento unha vez oídos os sectores, reitero, non quixera repetirme pero reitero dende o noso grupo o que dicía anteriormente, benvidas sexas tódalas achegas, por suposto que as recollemos porque entendemos que forma parte de todo o contacto que todos temos cos sectores sociais e que nos van transmitindo todo o contacto que temos cos sectores sociais e que nos van transmitindo e que quería reincidir un pouco no que dicía anteriormente, que o noso voto debe entenderse e así pasou na moción anterior inclusive como unha forma de posibilitar o que as mocións entendo que vai a ser ton anterior, xa o foi, e a partires de agora posibilitar a aprobación das mocións pero a responsabilidade do Alcalde do goberno é a toma de decisións a futuro, sobre todo o conxunto de actuación que hai que facer. Polo tanto, estou seguro que se entende esa cautela, moderación e sobre todo ese esperar a ter esa foto. Nese sentido e como na anterior imos a votar abstención pero non entendida como negativa senón como recoller a tarefa propositiva que se fai nesta moción e polo tanto, formará parte da análise evidentemente que se faga á hora da toma de decisións por parte do Alcalde e do goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Nós como reiterarei en varios momentos, non queremos presentar unha moción como que a moción se converta nun acordo de Pleno e polo tanto, iso pois sexa un mantra que logo nós repintamos como “aprobose no Pleno” nos sabemos que estas reflexións son moi profundas, incluso na exposición de motivos dicimos que tódolos grupos municipais que estamos aquí temos representación no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados e algún de

nós estamos presentes na FEMP, e polo tanto, temos mecanismos para falar de cuestións que non teñen nada que ver no ámbito municipal. Nós queríamos ir directamente a debullar as cuestións que consideramos que de maneira global pode agora mesmo ou nos seguintes días tomar a administración local, e efectivamente hai cuestións que van moito máis, aínda que sexan competencias municipais no momento que teñamos a posibilidade de utilizar o superávit, todo depende do desbloqueo que se faga noutras administracións e eu quero lembrar ademais que o acordo de investidura suscrito entre o Partido Socialista e o espazo de Unidas Podemos no conxunto do Estado, fala abertamente de derogar a Lei mordaza dos concellos que tamén lle chaman a lei Montoro e me felicito ademais de que iso sexa agora un consenso da Federación Española de Municipios e Provincias e que se estableza ademais directamente na resolución da Xunta de Voceiros que queremos facer uso do noso superávit do 2019 sen ningunha limitación, isto que hai algún tempo daría debates sobre fiscalidade, Unión Europea, cuestións, debates incluso moi larvados con forzas políticas que defenden o modelo de construción europea, creo que hai un consenso moi amplo e a partires de aquí é onde imos construír gran parte do que poidamos facer. Nós falamos de modificacións orzamentarias porque tampouco sabemos cantos se ía a dilatar no tempo esa negociación de liberalizar o superávit e o remanentes de Tesourería que son máis de 43.000 millóns de euros que agora mesmo están na arcas, nin sequera nas arcas municipais están nos bancos, cartos dos concellos que están nas entidades bancarias.

Pero creo que ese debate vaise axilizar e creo que incluso ao mellor se somos capaces de vehiculizar 19 millóns de euros de repente, pois aos mellor as modificacións orzamentarias xa pasan a un segundo nivel, a pesares de que nós quixémonos centrar, non porque pensemos que esta é a cantidade que hai que utilizar, senón porque se hai modificacións orzamentarias como o caso de O Marisquiño que xa pode dar de maneira inmediata 300.000 euros, pero logo dese 1.900.000 euros das festas de Vigo como moi ben dixo o Alcalde se pode retraer unha parte importante, home non creo que Sting cobrara como a París de Noia, polo tanto, supoño que o caché poderemos utilizalo en recursos de moitos sectores, creo que é un recurso importante que vai quedar seguramente para organizar un verán que tamén teña percorrido no desenvolvemento do sector

cultural e do sector do ocio na nosa cidade. Nós estamos de acordo en que isto abre un debate e remato, e ao mellor nin sequera ten que ser este Pleno onde afondemos no debate, ao mellor é o momento de darllo o Consello Social da Cidade que ten unha representatividade moi ampla dos sindicatos, dos sectores económicos importantes, darlle un sentido moito máis estratéxico ao Consello Social da Cidade, cousa que nos apoiaríamos sen ningún tipo de problema.

(No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e dezanove abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2020 (Rex. Nº 2402/1101), polo voceiro e a concelleira do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e a Sra. Mendez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(46).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A IMPLANTAR UN PROGRAMA DE

AXUDAS AO PEQUENO COMERCIO E HOSTALARÍA DA CIDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2403/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de abril de 2020, número 2403/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“É fundamental axudar ao pequeno comercio e hostalería de Vigo, que son piares da economía da cidade. A situación pola que están pasando as persoas autónomas e as micropemes é difícil tendo en conta que os seus negocios están pechados e no están xerando ingresos e inda así teñen que seguir facendo fronte aos gastos, moitos deles derivados da servizos municipais que non precisan como o abastecemento de auga ou por taxas e impostos locais que gravan actividades que non se realizan.

O Concello acordou xa o adiamento do pago de impostos, medida moi necesaria pero seguramente non será suficiente. Pero é necesario un verdadeiro Plan de Choque que pode conter medidas fiscais ou de apoio económico directo.

Polo tanto, unha das medidas a aplicar sería a redución ou eliminación dos impostos municipais durante os meses nos que se pecharon, é dicir, cero impostos. Así, cancelaríanse as taxas referidas ao abastecemento de auga, á taxa pola recollida de lixo ou ao IBI.

Sería tamén unha boa medida o reembolso aos establecementos os gastos que teñen actualmente incluídos os impostos e taxas que xa pagaron e os que non se poida cancelar ou reducir de xeito que teñan cero gastos.

Habería que engadir axudas económicas directas para a reapertura e tendo en conta a importancia das vendas en liña, habería que conceder axudas para dixitalizar o negocio e aumentar a súa competitividade.

Unha vez que reabran, será necesario establecer un programa de reactivación que permita aos cidadáns realizar compras ou consumir en pequenos establecementos, ben a través de vales regalo ou campañas de promoción nos distintos barrios da cidade, entre outros.

Por outra banda, tampouco se poden manter as previsións do orzamento, que xa non responden nin poderán satisfacer a realidade económica e social da cidade, desgraciadamente moi golpeada pola crise derivada do COVID-19. Hai que atender outras necesidades neses ámbitos moito máis apremiantes, para o que será preciso unha revisión completa e realizar modificacións orzamentarias que, para facilitar a execución, haberá que tramitar canto antes

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1.- Instar ao goberno municipal a Implantar un programa de axudas ao pequeno comercio e hostalería da cidade.
- 2.- Realizar unha revisión completa do orzamento coas modificacións orzamentarias necesarias para aplicar os gastos ás novas necesidades sociais e económicas derivadas da crise do COVID 19.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós quixemos poñer efectivamente o acento pois nos sectores que para nós o están a pasar peor e que non están tendo ingresos, non están tendo recibindo ingresos, son moitas familias as que dependen do pequeno comercio e da hostalería e aínda así pois seguen tendo gastos.

Non quixemos ser ou constrinxir ao goberno municipal cunha proposta pechada e por iso pedimos que se faga un Plan ou un Programa de axudas en aberto para non dificultar un consenso que estou seguro que se vai a repetir tamén nesta ocasión, eu penso que temos que poñer o acento aquí e permitir que o Concello faga medidas que por outra banda na parte expositiva propoñemos, pero o acordo sería exactamente ese, instar a facer un programa de axudas e tamén revisar o orzamento municipal para adaptalo á realidade económica e social, tamén sen unha medidas exhaustivas que constrinxan ou dificulten o acordo ou o consenso, diso é do que se trata, de implantar axudas para os comerciantes e os hostaleiros para o pequeno comercio, e a pequena hostalería e tamén revisar os orzamentos o necesario para aplicar os gastos ás novas necesidade económicas e sociais que se derivan da crise do COVID-19. É fundamental cremos axudar ao pequeno comercio e a hostalería porque son piares da economía da cidade e como digo están pechados, é cunha incerteza á hora da apertura, tanto en tempo como en aforo como en medidas que vaian a ter que instalar ou implantar para poder abrir ao público en condicións de seguridade efectivamente, como imos a mercar roupa nun pequeno establecemento da cidade como imos probar a roupa que imos a

mercar se o comerciante non saberá se vai a ter que desinfectar o comercio cada vez que entra un cliente, se non, como van a ser os probadores, etc. Hai moitas incertezas aí, pero só hai unha certeza e é que non todo vai a ser o mesmo e van a necesitar non só asesoramento senón axuda económica indirecta pola vía de bonificacións orzamentarias ou pola redución de impostos e directa cunha medida de apoio económico directo. Nós pedíamos, propoñíamos como unha desas medidas que non recollemos na parte resolutiva pero si na parte expositiva que é pois o Plan de impostos cero, non só aprazar impostos que na anterior sesión plenaria deu conta dilo e nos pareceu oportuno senón agora habería que pasar á seguinte fase, é dicir que estes impostos aprazados os imos a cobrar todos? Os imos a cobrar tamén polo período que non estiveron abertos estes comercios e esta hostalería? En definitiva, é unha proposta que penso podería ser na medida que sexa legalmente posible esa bonificación ou esa redución senón unha axuda económica de reembolso pola cantidade que tiveron que pagar. Tamén unha axuda económica directa para a reapertura e como non pois esta reapertura vai a ter que ir, estou seguro que concordamos todos, nun plan que permita á cidadanía volver ao comercio de proximidade e volver aos establecementos de hostalería sen medo, facilitándolles por exemplo, o aparcamento, a cercanía, o aparcadoiro poderíamos ata bonificalo, nun tempo pois nunha hora os aparcamentos públicos da cidade durante uns meses para que a xente se volva a animar a volver a comprar. Digo que é un sector que o está a pasar mal, son moitas as familias que dependen de comercio e hostalería e non están ingresando nada e por iso poñemos acento aí cunhas medidas como digo propositivas que poden adoptarse todas ou algunhas ou outras distintas pero o que non imos a facer e estou seguro que non está no ánimo de ningún dos grupos é non facer nada con respecto a estas familias que non poden, a partir de aquí xa non van a poder esperar máis, poderemos asesorar e apoiar economicamente a adopción de medidas de protección e tamén poderemos e deberemos cambiar tódolos programas de gasto do Concello para adaptalo ás novas necesidades que se derivan do COVID-19 entre elas ao do comercio.

A hostalería eu penso que xa é o momento a partires de agora de facelo e de pasar xa ás medidas concretas.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego coincidimos tamén co fondo desta moción, co que coinciden grandes aspectos con propostas que temos traslado dende o propio BNG o que é certo é que compartindo a idea de que o Concello de Vigo ten que despregar tódolos esforzos, poñer en marcha tódalas capacidades das que dispón, o certo é que o alcance da crise e o horizonte de desescalada que se vai demorar no tempo e que vai a dificultar o reinicio da actividade comercial e da hostalería, dende logo van facer que aínda que se faga todo o posible dende o Concello de Vigo sexa insuficiente e nese sentido dende o Bloque Nacionalista Galego temos que insistir, temos que subliñar a importancia de que outras administracións, singularmente a Xunta de Galicia máis tamén o goberno español, teñen que achegar recursos, teñen que poñer da súa parte, teñen que despregar un maior abrigo tamén a estas actividades económicas esenciais. Máis para alén deste tratamento paliativo que se pode despregar dende o ámbito municipal de soporte, de apoio, de estímulo ao tecido comercial, á hostalería, nós tamén entendemos que esta crise ten que permitir facermos unha reflexión sosegada para redefinirmos que modelo comercial queremos desenvolver na nosa cidade e nós insistimos en que a mellor maneira de apoiar ao tecido comercial, ao pequeno e mediano comercio, á hostalería que dinamizan os nosos barrios e parroquias, que vertebran a cidade, que crean emprego estable é apostar decididamente por ese modelo e non por outro, o BNG defendemos dende hai moitos anos a necesidade de aplicar unha moratoria no conxunto de Galicia máis tamén nesta cidade para a implantación de novas grandes áreas ou de macro centros que o único que van a poñer en risco é precisamente un tecido que xa ten enormes debilidades e que neste contexto de crise sanitaria pois aínda vai ter maiores feblezas. Polo tanto, cremos que non se trata só de despregar medidas no inmediato que son urxentes e que insistimos que hai concretar senón tamén repensar o modelo comercial.

SR. PÉREZ CORREA: Obviamente estamos a falar dunha moción que ven a introducir un debate que creo que é común en tódolos grupos, Vigo ten unha importancia económica sostida en torno ao sector servizos, o pequeno comercio e a hostalería e dende logo tódalas medidas que se implementen terán que ser

medidas rápidas, urxentes, como digo dentro desa desescalada estamos a falar de cuestións cronográficas demasiado curtas, e ademais creo que se vai na boa liña no expresado tamén polo propio Alcalde das demandas dos hostaleiros, nós non somos agora mesmo capaces de saber cal ten que ser a contía económica pero sabemos que creo que tódalas administracións públicas están de acordo que o primeiro que habera que poñer enriba da mesa unha serie de axudas económicas para que as verxas se poidan abrir con toda a normalidades, as luces se poidan acender en tódolos negocios e obviamente a contratación de persoal se poida dar. Nós estamos de acordo con modificacións importantes na cuestión tributaria, a cuestión do cero imposto que sempre alude, ou a baixada de imposto que sempre alude o Partido Popular nas súas mocións nos preocupa máis porque é certo que é unha situación de excepcionalidade pero a excepcionalidade tampouco anula a progresividade fiscal que hai que aplicar sobre todo nos impostos e taxas e as casuísticas son de todo tipo nesta cidade, poño por exemplo o gran negocio que están a facer as cadenas de distribución on line que están facendo o seu agosto na nosa cidade e no conxunto das cidades do país, en todo caso para ir sobre algunhas cuestións das mocións claro e que parte dos recursos que o Partido Popular propón nesta moción hai xa un acordo do estado, trasladado gran parte deses recursos ás comunidades autónomas para unha cuestión que non é menor que é precisamente paliar a situación económica e a situación persoal de moitas familias, moitas delas relacionadas ademais con esas actividades que aínda estamos esperando saber como se van a trasladar ao conxunto dos concellos, iso significa que concellos como o de Vigo que poderían ter utilizados os recursos propios para cuestións deste tipo pois tiveron que pagar becas comedor ante a falla de concreción de como os recursos postos polo estado central ás comunidades autónomas para que trasladaran ás administracións locais, segue estando nun caixón e estamos a falar de moitos millóns de euros que poden ter unha aplicación directa, e logo está un debate que hai que abrir e xa non é un debate de cores políticos, o Concello en Madrid puxo 180 millóns de euros en axudas á hostalería e aos autónomos dos cales 23,9 millóns xa están aprobados no último Pleno, o Concello de Lugo antes se citaba 5 millóns de euros, pero concellos moi pequenos como Zamora puxeron 1 millón e pico, o Concello de Ferrol rozando os 2 millóns de euros, ese debate nalgún momento teremos tamén que poñelo

enriba da mesa e creo que teñen que ser subvencións finalistas, no sentido de que obviamente para financiar as cuestións que teñen que ver co funcionamento normal dos negocios pero hai unha cousa tan sinxela como por exemplo, un negocio que vai abrir dentro de 11 días pois ao mellor ten que comprar mamparas, dispositivos de seguridade e esa liquidez e aí se que coincidimos co Partido Popular que é unha liquidez inmediata que polo menos para poñer ao día os negocios de atención ao público, estamos a falar de clínicas estéticas, peluquerrías, as pequenas tendas de manicura que hai nesta cidade e negocios de todo tipo que van a ter que facer un investimento directo porque é un trato físico co cliente, estamos a falar segundo o Instituto Galego de Estatística de preto de centos de negocios nesta cidade, e ademais a hostalería que no mellor dos casos, aínda pasando as fases que onte se desescalaron, non van a chegar ao 100% dos aforos ou non van a chegar ao 100% dos usos posibles dos espazos, das terrazas que agora mesmo teñen consignados e que teremos que buscar algún mecanismo. Creo que ademais é correcta a liña proposta pola Federación Española de Municipios e Provincias sobre como podemos os concellos bonificar ou facer excepcións de determinados impostos que agora mesmo por moito que o propoñamos hai determinados impostos municipais que dependen de decisións do conxunto do estado e creo que ese marco normativo hai que cambialo por unha cuestión como o IBI, poder establecer novas bonificacións ou incluso cuestións que nos propoñamos como isto é unha situación de emerxencia e os concellos independentemente dos seus contratos e subministro de auga deberían poder tarifificar por consumo real de xeito excepcional como por exemplo recolle o Plan hidrográfico Galicia Costa que recoñece que nunha situación de emerxencia, neste caso por seca, pois os concellos independentemente dos contratos que sabemos que obrigan poidan tarifificar por consumo real, estaríamos a falar de reducir o recibo da auga en toda a hostalería de Vigo dun xeito importante para estes meses, falamos de excepcionalidade do momento.

SR. LÓPEZ FONT: Conscientes do especial que era este Pleno polo seu formato e por como se ía a desenvolver o debate en relación coa resolución e coas mocións, primeiro, agradecer o ton, mostrar a satisfacción dende o noso grupo de como foi

este debate e mostrarlle a satisfacción de que todo aquilo que se quixo propoñer nas mocións está recollido na Resolución, é certo que cun carácter xenérico e pendente de adoptar as medidas concretas pero cando se fala de cultura pois está no punto cuarto da resolución, cando se fala de hostalería e cando se fala doutros sectores comercio e demais pois tamén está nesta resolución, cando se fala dun proceso, dun plan de reconstrución económica tamén está nesta resolución e tamén está política social que é totalmente necesario seguir aplicándoo. Polo tanto, nos queremos quedar dende o noso grupo nesta liña de diálogo, propositiva e nos queremos quedar con cousas que se dixeron aquí e o Alcalde manifestou claramente que para o tema de política social non hai limitación orzamentaria, afirmou que tamén capacidade orzamentaria para todo aquilo que dalgunha forma se puido abordar dende as tres mocións que se presentaron, pero tamén se falou de liderar ese proceso e liderar ese proceso en relación con cales son as demandas dos sectores, creo que se entende perfectamente que non queríamos entrar en medidas concretas, non tocaba, o Alcalde si entrou en medidas concretas e das reunións que tivo pois xa ten idea de cal son algunhas que se poden adoptar, pero tamén hai que recoñecer unha realidade, as medidas que se puideran ter que adoptar non son as mesmas que puideramos pensar onte pola mañá antes das decisións do Consello de Ministros que as que agora cada un dos sectores poida pensar que son unhas necesidades e onde teñamos que axudar.

Polo tanto, nesta moción como nas anteriores, máis alá da exposición de motivos na que non quero entrar, pero na parte que se propón e creo que o fixo de forma moi moderada o Sr. Marnotes cando se fala dun plan de apoio ao pequeno comercio e hostalería cando vostede dicía que non queden asinada van a estar evidentemente nas medidas que se tomen e cando se fala de modificar orzamento xa se está a modificar, me refería anteriormente á política social e á mención que fixo o Alcalde de duplicar axudas de emerxencia e de becas de comedor que era a imperiosa necesidade neste momento, polo tanto, temos e podemos estar creo que satisfeitos de que esas modificacións totalmente necesarias se fixeron.

Polo tanto, a modo de resumo tamén nesta moción, en coherencia co voto anterior, este grupo vaise a abster, no sentido e perdón pola reiteración de que recolleamos tódalas propostas de que entendemos que estamos falando do mesmo que é o que certamente nos compete e no ánimo dende logo de que unha vez que se teña ese

coñecemento de todo o que necesitan, da realidade e das propostas e da intención de chegar a ese consenso, pois este Pleno terá coñecemento de cales son as actuacións que decidiu o Alcalde e o goberno, reitero o agradecemento pola comprensión a esta proposta nun Pleno tan especial por nosa parte.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Simplemente para concluír dúas cousas, efectivamente pois vamos a necesitar como non a axuda doutras administracións para poñer en marcha a economía da cidade, claro que si, nós facemos nos toca o ámbito local, pois falamos agora do ámbito local e poñemos o acento aquí, volvo a repetir porque o esforzo que se está facendo no ámbito social, que facelo a partires de agora sen descoidar o outro, no ámbito económico, no comercio e a hostalería, porque os comercios en nada abrirán e levan 45 días pechados. Simplemente é iso, poñer o acento nisto, pedir concreción das medidas e rapidez, na medida do posible, non queremos que o tempo pasa moi rápido, xa levamos mes e medio cos comercios pechados, o tempo pasa moi rápido e imos a ter que baixar ás medidas onde se vai a necesitar liquidez inmediata, non só lle vai facilitar ao Concello de Vigo pero hai que facilitar liquidez inmediata e hai que axudarlles na prevención. Agradezo as intervencións e nada máis.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e vinte e unha abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.04.2020 (Rex. Nº 2403/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Non habendo máis puntos da orde do día, señores/as concelleiros moitas grazas e realizaremos un pleno tan pronto haxa circunstancias de avance no pacto social-económico, no proceso de reconstrución social e económica que será con toda seguridade antes o seguinte Pleno normal a finais do mes de maio. Moitas grazas levántese sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.